



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

Lugar: Casa do Concello

Data: 10 de decembro do 2015

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 22.30 horas

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación do Plan de Obras e Servizos 2016**
- 3. Aprobación do Plan de Acción Social 2015**
- 4. Aprobación proxecto da subvención nominativa da Deputación Provincial**
- 5. Modificación ordenanza fiscal ICIO**
- 6. Aprobación ordenanza reguladora dos procedementos de intervención nos actos de uso do solo, subsolo, actividades e apertura de establecementos**
- 7. Información decretos: de declaración de loito oficial, da imposibilidade de cobertura do posto de Tesourería**

- 8. Aprobación modificación presupostaria número 3 (do presuposto 2015)**
- 9. Aprobación presuposto municipal 2016**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Co voto a favor de todos os presentes apróbase a acta da sesión que tivo lugar o 24 de novembro de 2015.

2.Aprobación do Plan de Obras e Servizos 2016

Con data 8 de outubro de 2015, o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (POS) 2016, na que asignan para este concello a cantidade de 214.106,26 euros.

A súa tramitación, como o pasado ano, é de xeito telemático a través da plataforma que a Deputación pon á disposición das distintas entidades. O prazo para a presentación das solicitudes remata o día 18 de decembro de 2015 ás 14.00 horas.

A novidade deste ano é que o concello destinará necesariamente o 50% da cantidade que se lle asigna ó financiamento de obras e subministros e o 50% restante poderá destinalo ben á realización de máis obras ou subministros ou ben ó financiamento de gastos correntes que o concello ten previsto realizar durante o exercicio 2016.

Polo tanto, este concello destinará a cantidade de 107.052,26 euros a obras e a cantidade de 107.053,13 euros será para gastos correntes, en concreto o pagamento do gasto do alumeadado público.

Tamén se inclúe no plan complementario un proxecto por importe de 36.058,06 euros, denominado “Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros” e cuxa execución vai a ser por administración.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “Neste punto imos facer varias consideracións, amosando o noso máis profundo rexeitamento ás obras do POS que hoxe se presentan.

Esta corporación aprobou por unanimidade no pasado pleno de setembro unha moción a instancias de Veciñ@s que textualmente dicía:

1. O Pleno da Corporación someterá a debate as priorizacións sobre os investimentos a acometer no Concello de Boqueixón no presente mandato, ao longo do primeiro semestre de 2016, dando trámite de audiencia aos distintos movementos veciñais e políticos do concello para que poidan facer as súas achegas.
2. O Concello de Boqueixón, por ser factor vertebrador do noso Concello, incluírá no POS de 2016 a aglomeración da estrada municipal a Lavacolla no seu tramo final, así como o inicio da aglomeración da Estrada Municipal de Vila (Ledesma) a Codeso por Noente, Santa Mariña e Donas (ademais de ser unha vía

vertebradora para os veciños do sur do Concello, é unha vía pola que pasa o transporte escolar).

3. En aras a unha vella reivindicación dos veciños de Lamas e Vigo (en especial os do Outeiro), o Concello buscará unha solución á perigosidade das estrada municipal de Rodiño a Lavacolla ao seu paso polo Outeiro.

Onde queda este acordo?

Estou seguro que o dicionario da RAG non recolle todos os cualificativos que podería agora dicirilles. Mais non vou montar o circo, que lle permita a vostedes desviar o tema. Non o vou facer.

Está claro que o alcalde segue a ser o mesmo “mentireiro” que cando era vice-alcalde. Ou quizais máis. Tal vez pasou de vice-mintireiro a Mentireiro completo.

Realmente é indignante ver non só como rexeitan as iniciativas que sensatamente temos presentado aquí, senón como o fan incluso dos seus propios acordos. Esta a seriedade que teñen. E os concelleiros do PP son corresponsables tamén, posto que aproban algo que non cumpren. Esta é a seriedade que vostedes amosan polos acordos que se toman. Actúan aquí como bonecos que o único que fan é mover o brazo de arriba para baixo e sen pensar absolutamente nada. Perdoen se lle faltou ao respecto, pero é o que sinceramente vexo.

Agora ben. É a última vez que imos pasar do tema. Un acordo plenario, hai que cumprilo, e senón, non tomalo. Xa está ben que lle tomen o pelo aos veciños. Xa está ben! E se ten consecuencias xurídicas, imos a buscalas.

Engadir ademais á aprobación deste punto que os proxectos que presentan ao POS son claramente fraudulentos. Explícome:

En primeiro lugar, o Plan POS da Deputación contempla nas súas bases o financiamento de obras (ou subministros) por importe de 30.000 € (isto é para que as obras ou subministros teñan entidade de seu).

Aquí fan agrupación de proxectos de mantemento de estradas, empaquetano, e fan de moitos proxectos de mantemento, un proxecto maior.

Mais existe outro fraude. O POS, na súa parte de investimentos financia iso, non gastos correntes. Dío no seu propio nome (Plan de Obras e Servizos) e aclara despois que poden ser obras ou subministros, é dicir, para todo o capítulo 6 e tamén para o artigo 22 “Material, Subministros e Outros”.

Porén, todas as obras seleccionadas neste POS deberan estar recollidas nos orzamentos no artigo 21 “Reparacións, mantemento e conservación”.

Polo tanto poden perfectamente ver á vista do dito que o que están a aprobar é claramente fraudulento. E neste punto quixer tamén algunha explicación. Lamentablemente e como sempre, non a hai.

Unha terceira achega no noso ver, para non aprobar este POS, é que o financiamento dos gastos correntes é superior ao que vostedes adican a conservación tal e como advertín onte pola tarde á secretaria (miren as cifras). Coido que no ano pasado tiveron que traer de segundas o POS ao pleno por un erro de céntimos. Estritamente, e formulada así a proposta, non cumpren as bases do POS 2016.

Unha cuarta observación que facemos, é que tendo en conta xa o escaso marxe de manobra que teñen para facer investimentos non aproveitan os recursos do POS para o financiamento de investimentos produtivos e deixan a metade para sufragar os gastos correntes do alumeado público (vexan se teñen pouca marxe que a conservación de

infraestruturas teñen que metela como investimento para cubrir o expediente dos orzamentos).

En fin, e para rematar, deixo na acta deste pleno o desglose das obras, onde se comproba a veracidade de todo canto teño dito:

“Camiño de Troitomil a pista aglomerado e outros”: Trátase do rego de 2.335 metros de rego asfáltico, de 27,38 m3 de formigón e da limpeza de cunetas dos seguintes camiños

OB	DESCRIPCIÓN	L(M)	A(M)	M2	L(M)2	A(M)2	H(M)	M3	TOTAL
1	Camiño de Troitomil a Pista Aglomerado (Lestedo)	430,00	4,00	1720,00	15,00	4,00	0,15	9	6.142,73 €
2	Camiño de Roble a Pumariño (Pousada)	250,00	4,00	1000,00					3.013,16 €
3	Camiño Bar A Cañiza (Oural)	150,00	3,00	450,00				0,00	1.493,21 €
4	Camiño de Zubiri a Peneliña (Oural)	250,00	3,00	750,00					2.410,91 €
5	Camiño de Donas a Caldelas (Donas)	250,00	4,00	1000,00					3.013,16 €
6	Interiores en Codeso - C. Serto			0,00	35,00	3,50	0,15	18,38	2.293,02 €
7	Camiño da Picotiña (Interior) (Lestedo)	350,00	4,00	1480,00					4.955,00 €
8	Camiño de Ramil a Límite Vedra (Lestedo)	100,00	3,00	300,00					1.034,36 €
9	Acceso á Escola Unitaria de Sergude	20,00	6,00	120,00					1.255,37 €
10	Camiño por arriba casa Varela (Loureda)	500,00	4,00	2000,00					5.510,66 €
11	Aceso en Casaldesuso C. Reibal (Codeso)	35,00	3,00	105,00					814,91 €
12	Pavimentación praza da Feira Lestedo - Aglomerado			350,00					4.903,95 €
13	Xestión de Resíduos								368,40 €
Total		2335,00		9275,00	50,00			27,38	37.208,84 €
13%	GASTOS XERAIS								4.837,15 €
6%	BENEFICIO INDUSTRIAL								2.232,53 €
	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN								44.278,52 €
21%	IVE								9.298,49 €
	ORZAMENTO TOTAL								53.577,01 €

"Camiño monte da Cima da Alboia e outros": Trátase do botar zavorra a 15,5 km de pistas (maioritariamente forestais) de varios puntos do concello, coa apertura de cunetas correspondente.

OB	DESCRIPCIÓN	L(M)	A(M)	M2	L(M)2	A(M)2	H(M)	M3	TOTAL
1	Camiño Monte Cima Alboia (Lamas)			0,00	3.430,00	4,00	0,10	1.372,00	9.252,77 €
2	Camiño Cima de Orto Ramal 1 (Codeso)			0,00	300,00	4,00	0,10	120,00	149,52 €
3	Camiño Cima de Orto a Estación Bombeo (Codeso)			0,00	200,00	3,00	0,10	60,00	74,76 €
4	Camiño Cima de Orto Ramal 2 (Codeso)			0,00	270,00	4,00	0,10	108,00	134,57 €
5	Camiño do Casal a AC-261			0,00	525,00	3,00	0,10	157,50	1.416,24 €
6	Camiño Monte de Agra a Moa (Loureda)			0,00	1.956,00	5,00	0,10	978,00	6.982,79 €
7	Camiño Aeroporto - Cima de Moa (Loureda)			0,00	525,00	4,00	0,10	210,00	1.285,41 €
8	Camiño de Monte volta a Midón			0,00	1.760,00	4,50	0,10	792,00	4.912,25 €
9	Camiño en Xiadás (Gastrar)			0,00	160,00	3,50	0,10	56,00	381,78 €
10	Camiño de Casalpegito a Volta da Igrexa (Gastrar)			0,00	1.990,00	4,00	0,10	796,00	991,82 €
11	Camiño de Casalpegito dirección Loureda			0,00	675,00	4,00	0,10	270,00	1.652,67 €
12	Camiño Alto de Vilaboa (Gastrar)			0,00	1.350,00	4,50	0,10	607,50	3.578,71 €

13	Camiño de N525 Dirección Pico Sacro (Lestedo)	0,00	1.400,00	5,00	0,10	700,00	3.602,20 €
14	Camiño de AC-960 a Ac-240 (Codeso)	0,00	680,00	4,50	0,10	306,00	1.707,28 €
15	Camiño de Porcariza a Cima Devesa (Codeso)	0,00	250,00	4,50	0,10	112,50	627,68 €
16	Xestión de residuos						387,72 €
Total		0,00	0,00	15.471,00		6.645,50	37.138,17 €
13%	GASTOS XERAIS						4.827,96 €
6%	BENEFICIO INDUSTRIAL						2.228,29 €
	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN						44.194,42 €
21%	IVE						9.280,83 €
	ORZAMENTO TOTAL						53.475,25 €

Di o señor alcalde que no Pleno do 9 de setembro aceptaron a referida moción porque, efectivamente, consideraban e seguen considerando prioritarias esas obras e por isto mantén a necesidade da súa execución tan pronto como sexa posible dentro dos recursos presupostarios.

En canto ás obras incluídas nestes plans (tanto o POS como o PAS) son actuacións encamiñadas a mellorar as infraestruturas municipais do concello. Así mesmo, fanse actuacións en varias pistas forestais, todos eles necesarios por vertebrar entre si varios núcleos. Sen embargo, segue dicindo o alcalde, non renunciamos a executar as obras que se indican na moción, sempre e na medida en que as previsións orzamentarias o permitan.

Polo que respecta á estrada a Lavacolla o firme está perfecto polo que botar aglomerado aí si, sería un fraude e vostede tamén o diría.

O señor Canabal di que está de acordo en que as obras hai que facelas pero non cumpriu o acordo adoptado polo pleno en canto ás obras do POS.

O señor alcalde di que eles o que votaron foi incluílos entre as súas prioridades

O señor Canabal reitera que as obras que se inclúen no POS son fraudulentas porque se incumpren as bases do POS e as do orzamento, e que o 50 % da subvención en gasto corrente é opcional pero o concello aplícaa polo inmensurable gasto corrente que hai neste concello e que ten comprometido o presuposto municipal.

O señor Fernández Munín di, en primeiro lugar que non se debe faltar ó respecto a ninguén.

Responde o señor Canabal que pide perdón se alguén se sinte insultado pero esa non foi a súa intención. O caso, segue dicindo o señor Canabal, é que aprobaron unha moción que agora non aplican.

O señor alcalde dille ó señor Canabal que agora ten a palabra o señor Fernández Munín.

Segue o señor Fernández Munín e di que elaborouse o plan de obras e servizos 2016 tendo en conta o mal estado no que se atopan as vías municipais porque a prioridade neste momento son as infraestruturas, e por isto o seu voto é a favor.

O señor Canabal pregunta a que criterio responde o arranxo do camiño a Pumares, ao local social e Sergude e responde o señor alcalde á demanda dos veciños e que é unha obra necesaria.

Pregunta o señor Canabal por qué aglomerado en quente aí e responde o señor alcalde que porque aí recóllese moita auga e iso convértese nun bulleiral .

O señor Canabal di que van facer un seguimento desas obras porque teñen localizadas algunhas que non teñen o ancho que se indica no proxecto e cita o exemplo de Ledesma a Monte e finaliza o señor Canabal dicindo que o que se está aprobando é un escándalo en todos os sentidos.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do grupo Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1.- “Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros	53.577,01	-	53.577,01
Camiño monte da cima da Alboya (Lamas) e outros	53.475,25	-	53.475,25
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	107.052,26	-	107.052,26

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	107.053,13
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	107.053,13

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal Obras /Subministracións	107.052,26	-	107.052,26
Subtotal Gastos Correntes	107.053,13		107.053,13
TOTAL	214.105,39		214.105,39

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Presuposto
Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros	36.058,06
TOTAIS	36.058,06

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que está tramitando as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5. Acordar facer a obra denominada “ Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros” incluída no plan complementario, por administración, tendo en conta o art. 24 do TRLCSP e o informe do técnico redactor do proxecto onde se xustifica que, os elementos auxiliares utilizables para a realización da obra, supoñen unha economía superior ó 5% do importe do presuposto.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

9.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

3.Aprobación do Plan de Acción Social 2015

Con data 8 de outubro de 2015, a Deputación da Coruña comunica que se aprobaron as bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, no que a este concello se lle asigna a cantidade de 291.963,09 euros.

A finalidade deste plan é cooperar cos concellos na realización de investimentos financeiramente sostibles e que teñan na súa maior parte un carácter social, no sentido de iren destinados a mellorar as condicións de vida da poboación.

Segundo a base 2 das reguladoras do Plan, o concello poderá solicitar a realización de novos investimentos do seguinte xeito:

- Como mínimo o 60% da achega provincial asignada ó concello destinarase á realización de investimentos financeiramente sostibles que teñan carácter social.
- O 40% restante poderá destinarse a realización de máis investimentos financeiramente sostibles que teñan carácter social ou a calquera investimento financeiramente sostible que sexa de competencia municipal.

No apartado dos investimentos financeiramente sostibles de carácter social, (60%) inclúense os seguintes proxectos:

- Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras
- Camiño de Ponteledesma a Igrexa de Oural e outros

No apartado dos investimentos financeiramente sostibles, (40%) inclúese un proxecto, que ten un carácter marcadamente social, independentemente que se introduza neste apartado, como cumprimento das bases da Deputación. Os proxectos son os seguintes:

- Melloras no campo de fútbol do Forte e outro
- Camiño de Ramil a área recreativa (Lestedo) e outros

Como novidade, redactamos un proxecto complementario que se realizaría coas baixas orixinadas na execución das obras do Plan, e que ten un carácter social.

O prazo para a solicitude do Plan remata o vindeiro día 18 de decembro ás 14.00 h e a súa tramitación será telemática.

A continuación o señor Canabal di que antes de empezar con este punto, quere facer constar tamén en acta, e transmitirle a todos os concelleiros da Corporación, que o grupo de veciños pasou polo rexistro o pasado 18 de novembro o seguinte escrito:

No pasado pleno municipal e máis profundamente o pasado sábado, tivemos opción de ver o proxecto de Melloras Educativas de Camporrapado e outros por importe total de 108.062,85 € que se incluírán previsible no Plan de Acción Social (PAS), financiado pola Deputación Provincial da Coruña, onde se inclúen as seguintes obras:

- 1. Escola Unitaria de Camporrapado.*
- 2. Escola Unitaria de Lestedo.*
- 3. Escola Unitaria de Sergude.*
- 4. Escola de Primaria do Forte.*
- 5. Peche do Campo de Fútbol de Camporrapado.*

Vista a importancia das obras a desenvolver, en especial as que se refiren ás Escolas do Concello, cremos que é necesario que o proxecto sexa exposto á Comunidade Educativa para que fagan as súas achegas, isto é, tanto ás direccións dos distintos centros como ás ANPAS. De igual xeito, e en canto ao peche do Campo de Fútbol de Camporrapado, somos conscientes da sensibilidade dos veciños das parroquias de Oural, Pousada e Sucira sobre esta obra, xa que foron eles os que aportaron os terreos

onde actualmente se sitúa o campo, o local da Escola Unitaria así como a Casa da Cultura.

É polo exposto anteriormente, que SOLICITAMOS:

- A exposición pública do Proxecto mencionado á toda a Comunidade Educativa de Boqueixón, CPI, CRA e as ANPAS respectivas dos dous centros.*
- A exposición pública do Proxecto mencionado aos veciños das parroquias de Oural, Pousada e Sucira.*
- Convidar a todos os grupos da corporación a participar na exposición pública do proxecto xunto cos actores afectados polas obras ao fin de poder realizar achegas que melloren estes espazos."*

Nós aínda estamos a espera, segue dicindo o Sr. Canabal de poder facer as nosas achegas a este proxecto, e somos conscientes de que existen melloras que algún dos pais quixera ter, cando menos, a oportunidade de facer a este proxecto.

Como non tivemos opción antes, facémolo agora, cando somos xa conscientes de que non van ter en conta as achegas. Dikir para que quede perfectamente claro que o noso grupo sería partidario de ir máis aló nas melloras nas Escolas Unitarias, toda vez que son edificios con moitos anos, polo que necesitarían reformas estruturais sobre todo no referente ao illamento térmico e tamén en canto aos sistemas de calefacción, sen menosprezar a seguridade dos nenos en todos os elementos internos das escolas e de fora. Porén, o que vemos é tan só un simple lavado de cara dos propios edificios.

Parellamente a este proxecto, vostedes propoñen tirar o muro do campo de fútbol da Silveira. Saben vostedes, ao igual ca nós, que os terreos deste Campo de Fútbol foron doados polos propios veciños das parroquias de Oural – Sucira e Pousada, e que non estaría de máis expoñer o proxecto e recoller tamén as súas inquietudes. Mais vostedes son uns soberbios, e farán as cousas polo ordeno e mando, sen ningún tipo de achega ou explicación de cara aos veciños destas parroquias. Non estamos dicindo que haxa que tirar ou non este muro, non queremos manifestarnos mentres non se chegue a un acordo cos veciños. Acordo, que está claro que non hai, e non foi porque nós, unha vez tivemos a ocasión de ver o proxecto fixeramos a achega de falar con eles. Así que se queda vostede só neste tema. Nós fixemos todo o que podíamos facer.

Pouco máis hai que dicir en canto aos proxectos, onde me remito ao dito xa no debate sobre o POS. Fan paquetes e xustificano que son Financeira Sostibles. O arranxo dunha pista e financeiramente sostible, o arranxo dos vestiarios, é financeiramente sostible, o derribo dun muro, é financeiramente sostible... en fin, gustaríame realmente saber que significa o de "Financeiramente Sostible", ou ao revés, saber o que non é financeira sostible.

Remata dicindo o Sr. Canabal que se felicitan do arranxo das escolas, aínda que tamén vemos, segue dicindo, que son pouco máis que un lavado de cara. Botamos en falta o diálogo extenso cos sectores afectados que puideran enriquecer os proxectos, e non vemos que estas obras resolvan os graves problemas estruturais destes vellos edificios, que necesitarían de actuacións moito máis contundentes. E é unha mágoa que tendo case 300.000 € adicionais da Deputación deste Plan, non se teña aproveitado para poñerlle fin ás graves eivas que as tres escolas unitarias teñen.

Por iso, e pola súa soberbia á hora de non querer consensuar estas obras, vémonos na obriga de votar en contra das obras escollidas para este Plan de Acción Social.

O señor alcalde di que cando se redactaron os proxectos das escolas unitarias, el mesmo xunto coa arquitecta acudiron en compañía da directora do CRA e demais membros do equipo directivo, a cada unha das escolas para comprobar as necesidades que existen, e ademais todas as que propoñían o equipo directivo.

Recollémolas todas e incluso engadimos algunha máis das que o equipo directivo do CRA nos indicaba, aínda que é posible que se poida facer algo máis. Precisamente porque esta obra executarase polo concello, poderase facer algo máis aínda que non estea previsto no proxecto.

O señor Munín di que efectivamente contouse co equipo directivo para a elaboración do proxecto

O señor Canabal di que votan en contra aínda que apoian todas as melloras que se executen nas unitarias, pero necesítanse máis cambios.

Responde o señor alcalde que se fai moito máis do que solicitaban o equipo directivo.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra do grupo Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1.- “Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras	108.062,85	-	108.062,85
Camiño de Ponteledesma a Igrexa de Oural e outros	67.115,00	-	67.115,00
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	175.177,85		175.177,85

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Melloras no campo de fútbol do Forte e outro	36.058,06	-	36.058,06
Camiño de Ramil a área recreativa (Lestedo) e outros	80.727,18	-	80.727,18

SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	116.785,24		116.785,24
--------------------------------------	------------	--	------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	175.177,85	-	175.177,85
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	116.785,24	-	116.785,24
T O T A L	291.963,09	-	291.963,09

2.- Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros	30.843,49
TOTAIS	30.843,49

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que está tramitando todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Acordar facer as seguintes obras por administración, tendo en conta o art. 24 do TRLCSP e o informe do técnico redactor do proxecto onde se xustifica que, os elementos auxiliares utilizables para a realización das obras, supoñen unha economía superior ó 5% do importe do presuposto:

- Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras
- Melloras no campo de fútbol do Forte e outro
- Melloras en edificios municipais de Lestedo e outros

5.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que

existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

4.Aprobación proxecto da subvención nominativa da Deputación Provincial

Na circular da Deputación da Coruña, recibida pola plataforma SUBTEL, comunican que este concello pode solicitar a inclusión dentro do plan de investimentos do PAS 2015, posto que solicitou unha subvención nominativa que xa ten o crédito aprobado no orzamento provincial, pero non foi aprobado o correspondente convenio.

O investimento solicitado e que xa está aprobado é para a obra Adquisición e acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte, por un importe total de 140.034,40 dos que 28.006,88 será con cargo ó concello e 112.027,52 será financiados pola Deputación da Coruña.

Na memoria explicativa do proxecto, faise constar o resumo do orzamento, indicando que para a adquisición da parcela se destina a cantidade de 99.338,40 euros e para o acondicionamento da parcela, que se realizará por administración, 40.696,00 euros, dando a suma dos dous conceptos un total de 140.034,40.

Así mesmo, tamén se xustifica a necesidade de adquisición desta parcela en concreto, baseándose en que linda coas instalacións de Protección Civil e fronte á casa consistorial. Isto é idóneo para a construción dunha zona de aparcamento onde se poida deixar toda a maquinaria e vehículos municipais, pois nestes momentos os tractores e o camión do lixo, por exemplo, están aparcados en fincas de particulares.

O señor Canabal di que aínda que no seu día non nos negáramos á compra da presente parcela, o seu uso si é discutible, toda vez que esta parcela en solo urbano e cuns custos por m2 superiores aos 100 € para o seu uso para aparcadoiro da maquinaria.

Do mesmo xeito non nos parece excesivamente correcto, aínda que o PXOM poida aceptalo, de facer unha nave (aínda sendo semi-aberta) nun chan urbano residencial.

O concello seguro que a curto prazo poderá dispor de outros usos máis axeitados para esta como pode ser a construción dun centro de día, ou outras dotacións sociais/asistenciais.

Por iso estaríamos de acordo en facerse coa finca, pero os máis de 40.000 euros que vostedes estiman que custará os proxectos de acondicionamento para aparcadoiro, teríamos metido noutras necesidades, e tentar dotar á finca doutros usos máis interesantes.

O señor alcalde di que o sitio é o mellor para executar calquera tipo de infraestrutura. O señor Canabal, que sen embargo é para un alboio.

Responde o señor alcalde que esa é a finalidade neste momento pero tamén serve para dotar doutra saída ao edificio que xa hai.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e a abstención de Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1.- “ Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a inclusión da subvención nominativa que xa tiña solicitada para a execución de investimentos, que estaba pendente de aprobación e que pasa a incluírse neste Plan:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Adquisición e acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte	112.027,52	28.006,88	140.034,40
TOTAL	112.027,52	28.006,88	140.034,40

2.- Declarar que o concello vai adquirir os terreos nos que posteriormente se desenvolverán as obras relacionadas no correspondente proxecto e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Dispoñer dos fondos necesarios, que xa están consignados no orzamento do ano 2015, para facer fronte á achega municipal correspondente para a execución deste proxecto.

4.- Acordar facer as obras do acondicionamento da parcela por administración, tendo en conta o art. 24 do TRLCSP e o informe do técnico redactor do proxecto onde se xustifica que, os elementos auxiliares utilizables para a realización da obra, supoñen unha economía superior ó 5% do importe do presuposto.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.Modificación ordenanza fiscal ICIO

No Pleno realizado o día 14 de setembro de 2011, modificouse a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, onde se estableceu como tipo único de gravame o 2.5%.

Desde esta alcaldía, propónse facer unha modificación co obxectivo de baixar o tipo impositivo ó 1.9%, e incrementar as porcentaxes das bonificacións estipuladas na propia ordenanza ó máximo permitido por lei.

O obxectivo desta medida, é a de evitar que o pagamento deste imposto sexa impedimento para unha correcta execución das obras, instalacións ou construcións que se vaian realizar neste concello.

Con esta modificación conséguese que o tipo impositivo que se aplica, sexa un dos máis baixos da provincia.

Por outro lado, modifícase a totalidade da ordenanza, unicamente (ademais do sinalado para os artigos 7 e 9), en canto á literatura da mesma, para adaptala á nova lexislación relativa ás comunicacións previas ou declaracións responsables.

O señor Canabal di: “En canto á modificación desta ordenanza imos manter o voto favorable á baixa xeral ao 1,9%, aceptamos as súas bonificacións aínda que botamos en falta unha bonificación para o sector primario e todas as actividades que se desenvolvan deste.

Por outro lado, en canto ao anexo da ordenanza tamén vemos excesivamente altos algúns dos módulos que aquí se expresan, que non foron modificados en relación á ordenanza ata agora en vigor, e que tamén poderían ser obxecto de baixa. Aínda que vendo que son bases, gustaríanos saber de onde saen estes módulos porque son exactamente igual aos que estaban na ordenanza vella”.

O señor alcalde responde que estes prezos constitúen a base impositiva sobre a que se aplica o tipo de gravame e só se aplican no caso de que os solicitantes non acompañen coa solicitude ou a comunicación previa, o presuposto correspondente ou se detecte que o presentado é excesivamente baixo en relación cos prezos actuais que se deben aplicar. Estes prezos proceden dunha ordenanza que no ano 2004 aprobouse a través dos concellos da Mancomunidade de Compostela. Concretamente o Concello de Boqueixón aprobouna en sesión plenaria que tivo lugar o 12 de novembro de 2004.

Finalmente, di o señor Canabal, aínda vendo que os compromisos dos concelleiros do PP neste pleno apenas teñen valor (votan unha cousa nun pleno e a contraria no seguinte), gustaríanos ter o compromiso deste plenario de que aparte de facer declaracións de especial interese ou utilidade municipal para o fomento do emprego, de gran importancia, que se realicen as mesmas declaracións para todas aquelas actividades que partan do sector primario, ao ser este estratéxico no noso concello.

Exhortamos ao equipo de goberno e aos técnicos municipais a que fagan a máxima difusión da aprobación desta ordenanza, que loxicamente imos apoiar.

Procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

PRIMEIRO.- Modificar a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, obras ou instalacións (ICIO), reducindo o tipo impositivo ao 1,9 %, e incrementando as bonificacións que procedan sobre a cota, tal como a continuación se detalla:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1.º . Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 100 a 103 da lei reguladora das facendas locais, este concello estableceu o imposto sobre construcións, instalacións e obras para o que se aprobou a correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º . Feito imponible

1.-Constitúe o feito imponible do Imposto, a realización no termo municipal de Boqueixón de calquera construción, instalación ou obra, para a que se esixa a obtención da correspondente licenza urbanística, ou comunicación previa e declaración responsábel, obtivérase, ou non, a devandita licenza ou presentárase a declaración, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

2.-Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto, todas aquelas na que a execución implique a realización do feito imponible definido no apartado anterior; e en particular as seguintes:

a) As obras da nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.

b) As obras de modificación ou de reforma que afecten a estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.

c) As obras provisionais.

d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.

e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto as obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do estragado coas calas mencionadas.

f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.

g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valados, os andamios e as andamiaxes de precaución.

h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa seu emprazamento.

i) Os usos e instalacións de carácter provisorio.

l) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valados que teñan publicidade ou propaganda.

ll) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, as actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.

m) A realización de calquera outra actuación establecida polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipais, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

n) Derrubamentos.

ñ) Aliñacións e rasantes.

o) As que se realicen en cemiterios.

p) As declaracións de fóra de ordenación de edificacións existentes, que procedan.

q) Calquera outra construción, instalación ou obra que precise licenza de obra ou urbanística.

3.-Quedan tamén incluídas no feito impositivo do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal, ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licenza ou declaración aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez ditada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo o interesado.

Artigo 3º. Supostos de non suxeición.

Non estarán suxeitas ao imposto regulado na presente ordenanza:

a) As obras, construcións e instalacións que, debendo ser entregadas ao Patrimonio Municipal, fosen executadas por outras administracións públicas en virtude de convenio de colaboración ou cooperación co Concello.

b) As obras, construcións e instalacións realizadas por entidades de interese público ou asociacións veciñais en bens de uso ou servizo público municipal, coa autorización previa do órgano correspondente.

c) As obras que consistan en construción e reconstrución de muros, como consecuencia da necesidade de ensanche das vías públicas, se efectuouse a cesión gratuíta dos terreos polos propietarios.

d) As obras, construcións e instalacións que promovan dentro do termo municipal de Boqueixón, a Mancomunidade de Concellos de Compostela.

e) A execución de obras de urbanización realizadas polos propietarios afectados, sempre e cando se entreguen posteriormente ao Patrimonio municipal.

f) As obras realizadas nos centros públicos e nos centros privados concertados, sempre que estas se realicen nos niveis de educación obrigatoria.

Artigo 4º. Exencións

Esta exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as

entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a carreteras, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto si se trata de obras de inversión nova, coma de conservación.

A concesión ou denegación da exención será efectuada pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos económicos.

Artigo 5.º . Suxeitos pasivos e substitutos do contribuínte

1.-Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58 / 2003 de 17 de decembro, que sexan donos das construcións, instalacións ou obras, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realicen aquelas.

Ós efectos deste punto terán a consideración de donos das construcións instalacións ou obras quen soporten os gastos ou custos que comporten a súa realización.

2.-Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, quen soliciten as correspondentes licenzas ou fagan as comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras .

Para a aplicación deste apartado considerarase substituto de primeiro grado ao solicitante da licenza ou presentación da comunicación previa e contra este obrigado exercitarase a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza ou comunicación previa esixirase a presentación da declaración e o ingreso, á empresa que realice a construción, instalación ou obra.

3.-O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 6.º . Base imponible

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra; e se entende por tal, a estes efectos, o custo de execución material de aquela.

Non formarán parte de dita base o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista, nin calquera outro concepto que non integre o custo de execución material.

Artigo 7.º . Tipo de gravame e cota tributaria

1.-A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o seguinte tipo de gravame:

Tipo único : 1,9 %

2.-A cota líquida do imposto será, no seu caso, o resultado de aplicar a cota, as bonificacións que se establecesen no artigo 9.º desta ordenanza, cando procedan.

Artigo 8.º . Devengo do imposto

1.- A obriga de contribuír nace no intre de se comezar a construción, instalación ou obra, mesmo nos casos en que se comece sen ter obtido a licenza que proceda, ou presentada a declaración responsábel ou comunicación previa.

2.- Para aos efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, nos seguintes casos:

a).- No suposto de precisar licenza urbanística, cando esta fose concedida, no momento no que sexa notificada e recibida polo interesado (ou o seu representante), o Acordo de concesión da mesma, polo Órgano municipal competente.

b).- No suposto de precisar a presentación de declaración responsábel ou comunicación previa, deberá estar abonado o imposto, á data do rexistro de entrada.

c).- No suposto de se iniciar as construcións, instalacións ou obras, sen solicitar a correspondente licenza urbanística, ou sen ter presentado a declaración responsábel ou comunicación previa, nos casos nos que sexa procedente, entenderanse iniciadas na data na que se dite o acto administrativo polo que a Administración tome coñecemento, por calquera medio, da execución das amentadas construcións, instalacións ou obras.

Artigo 9.º . Bonificacións

Primeira.- Cando se conceda a licenza preceptiva, ou se presente a declaración responsábel ou comunicación previa, ou cando non habéndose solicitado, concedido ou denegado a dita licenza, ou presentado a declaración responsábel ou comunicación previa, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible:

a) En función do orzamento presentado polos interesados, sempre que fose visado polo colexio oficial correspondente, cando isto constituía un requisito preceptivo.

b) Cando a ordenanza fiscal así o estableza, en función dos índices ou módulos que esta sinala ao efecto.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo, o concello mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible á que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ao suxeito pasivo, ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Segunda.- As construcións, instalacións ou obras terán as seguintes bonificacións na cota:

a) Establécese un bonificación do 95% da cota, para as instalacións, construcións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Dita declaración corresponderá ao Pleno da corporación, por maioría simple, e previa solicitude do interesado. A tal efecto, os interesados con anterioridade ao devengo do imposto, deberán presentar a solicitude no concello, achegando a documentación acreditativa das circunstancias para a cualificación da construción, instalación ou obra, de interese ou utilidade municipal.

b) Establécese unha bonificación do 95% da cota, para as construcións, instalacións ou obras, nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento

térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor, inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente. A tal efecto, os interesados, con anterioridade ao devengo do imposto, deberán presentar a solicitud no concello achegando; o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra, de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

- c) Establécese unha bonificación do 50 % da cota, para as construcións, instalacións ou obras vinculadas a plans de fomento das inversións privadas en infraestruturas.*

Para poder disfrutar desta bonificación, deberán achegarse os referidos plans de fomento de inversión aos que se vincula a construción, obra ou instalación. A tal efecto, os interesados con anterioridade ao devengo do imposto, deberán presentar a solicitud da bonificación no concello.

- d) Establecese unha bonificación do 50% da cota, para as construcións, instalacións ou obras, referentes a vivendas de protección oficial. A tal efecto, os interesados, con anterioridade ao devengo do imposto, deberán presentar a solicitud no concello, achegando a cédula de cualificación provisional como VPO, emitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, ou declaración, ou visado emitido polo mesmo Instituto, considerando protexida a actuación en que consiste a construción, instalación ou obra.*

- e) Establécese unha bonificación do 90% sobre a cota para as construcións, instalacións ou obras, que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A tal efecto, os interesados, con anterioridade ao devengo do imposto, deberán presentar a solicitud no concello, achegando a documentación xustificativa de tal circunstancia.*

Terceira- *As bonificacións previstas neste artigo esixirán:*

- a) Informe dos Servizos municipais correspondentes (urbanismo, cultura, emprego, medio-ambiente, que sexan procedentes).*
- b) Acordo da Xunta de Goberno Local e, no seu caso, do Pleno.*

Artigo 10.º . Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar a solicitud de licenza, ou comunicación previa con declaración responsábel, acompañada dos correspondentes orzamentos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitud de licenza, ou a comunicación previa, terá o valor de declaración tributaria, por canto dos orzamentos que acompañan a aquelas, deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitud de licenza ou comunicación previa, antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11, desta Ordenanza.

2. Concedida a licenza, ou adoptado o acordo aprobatorio, ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras, que se realicen en cumprimento dunha

orde de execución municipal e, en todo caso, no prazo máximo dun mes, contado a partir do momento no que se inicie a construción, instalación ou obra, incluso cando non fose solicitada, concedida ou denegada, aínda a devandita licenza, ou presentada a comunicación previa, o suxeito pasivo estará obrigado a abona-la liquidación pertinente nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que o pagamento comporte ningún tipo de acto declarativo de dereito a prol daqueles.

A base imponible para esta liquidación, determinarase en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo Colexio Oficial correspondente, cando elo constituía un requisito preceptivo. Tamén se poderá practicar a liquidación, en base ao orzamento que se presente, asinado por técnicos competentes, ou empresas construtoras (no caso de obras menores). Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal, en función dos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo da mesma.

3.-O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio, e será á conta da liquidación definitiva que se practique, unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras.

4.-Tendo en conta a obra realizada, e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modifica-la base imponible a que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo, ou reintegrando ó suxeito pasivo, da cantidade que resulte.

Para estes efectos, e no caso de que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras, e se incrementara o orzamento, unha vez aceptada a modificación pola Administración municipal, os suxeitos pasivos están obrigados a facer o ingreso da liquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado, con suxeición a prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

5.-No caso de que non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución do ingresado, unha vez que formule renuncia expresa á licenza, ou caducara a licenza, ou á correspondente comunicación previa.

6.-Nos supostos de licencias concedidas, en virtude da aplicación das normas sobre silencio administrativo, o pagamento do imposto deberá realizarse antes de dar comezo as obras.

Artigo 11.º . Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

Disposición derradeira

A presente modificación da ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación o día de de 2015. Entrará en vigor o día da publicación íntegra da ordenanza definitivamente aprobada no BOP, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, continuando vixente en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

1.-OBRAS MENORES E MAIORES

1.1.- Demolicións

- 1.1.1 -Demolición de muros: 14,89 euros/m².
- 1.1.2 -Demolición de tabiques: 3,96 euros/m².
- 1.1.3 -Levantado de solainas: 4,33 euros/m².
- 1.1.4 -Picado de azulexados e revestimentos: 5,19 euros/m².
- 1.1.5 -Demolición de forxados: 9,69 euros/m².
- 1.1.6 -Demolición completa 9,37 euros/m².

1.2.-Movemento de terras:

- 1.2.1 -Escavación de gabias: 7,76 euros/m³.
- 1.2.2 -Escavación de baleirado: 2,14 euros/m³
- 1.2.3 -Recheo de gabias: 11,12 euros/m³.
- 1.2.4 -Recheo de ceo aberto: 6,42 euros/m³.
- 1.2.5 -Carga e transporte de terras a vertedoiro: 4,36 euros/m³.
- 1.2.6 -Tubos de canalización: 3,64 euros/m.

1.3.-Peches:

- 1.3.1 -Peche de estacas e arame: 3,64 euros/m.
- 1.3.2 -Peche de tea: 19,33 euros/m.
- 1.3.3 -Peche de zócalo fábrica e tea: 31,11 euros/m.
- 1.3.4 -Peche de fábrica h. 1 m: 23,51 euros/m.
- 1.3.5 -Peche de zócalo fábrica e celosía: 44,99 euros/m.
- 1.3.6 -Peche de cachotería e celosía: 72,62 euros/m.
- 1.3.7 -Peche de cachotería e reixa: 34,59 euros/m.
- 1.3.8 -Colocación de columna para contador da luz: 193,61 euros/ud.

1.4.-Cuberta:

- 1.4.1 -Demolición de cuberta de fibrocemento: 2,09 euros/m².
- 1.4.2 -Demolición de cuberta de tella: 3,64 euros/m².
- 1.4.3 -Cuberta de fibrocemento: 13,17 euros/m².
- 1.4.4 -Cuberta de tella: 31,11 euros/m².
- 1.4.5 -Cuberta de lousa: 44,99 euros/m².
- 1.4.6 -Substitución de tella por fibrocemento: 17,30 euros/m².
- 1.4.7 -Substitución de tella por tella: 27,68 euros/m².
- 1.4.8 -Substitución de tella por fibrocemento e tella: 38,07 euros/m².

1.5.-Albanelería:

- 1.5.1 -Formigón en masa: 8,10 euros/m³.
- 1.5.2 -Estrutura completa de formigón armado: 57,41 euros/m².
- 1.5.3 -Estrutura completa de aceiro: 62,93 euros/m².
- 1.5.4 -Estrutura naves de formigón armado: 35,98 euros/m².
- 1.5.5 -Estrutura naves metálica: 42,89 euros/m²
- 1.5.6 -Soleira: 15,20 euros/m².

- 1.5.7 -Forxado: 48,42 euros/m².
- 1.5.8 -Muro de contención de formigón armado: 51,90 euros/m².
- 1.5.9 -Muro de cachotería: 103,74 euros/m².
- 1.5.10-Muro de bloque: 24,20 euros/m².
- 1.5.11-Muro de ladrillo (tabiquería): 12,48 euros/m².
- 1.5.12-Cerramento de dobre folia de ladrillo: 35,93 euros/m².
- 1.5.13-Celosía, balaustrada: 26,24 euros/m².
- 1.5.14-Azulexado: 17,30 euros/m².
- 1.5.15-Solaina: 24,90 euros/m².
- 1.5.16-Enfoscado: 9,00 euros/m².

1.6.-Pinturas:

- 1.6.1 -Pintura interior: 4,12 euros/m².
- 1.6.2 -Pintura exterior: 6,59 euros/m².

1.7.-Galpóns:

- 1.7.1 -Galpón de bloque ou ladrillo: 141,76 euros/m².
- 1.7.2 -Galpón de madeira: 72,62 euros/m².

1.8.-Carpintería:

- 1.8.1 -Porta de entrada: 242,09 euros/m².
- 1.8.2 -Porta interior: 107,12 euros/ud.
- 1.8.3 -Fiestra: 146,85 euros/m².
- 1.8.4 -Fiestra en plano de tellado: 152,21 euros/m².
- 1.8.5 -Peche de balcóns e terrazas con galería: 138,34 euros/m².
- 1.8.6 -Reixa de seguridade e portas e fiestras: 44,99 euros/m².
- 1.8.7 -Fronte de portal: 117,61 euros m².

1.9.-Instalación de fontanería e saneamento:

- 1.9.1 -Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.): 152,21 euros/ud.
- 1.9.2 -Instalacións en baños (sen aparatos sanit.): 200,63 euros/ud.
- 1.9.3 -Instalación de cociña: 172,89 euros/ud.
- 1.9.4 -Lavado incluso billame: 172,89 euros/ud.
- 1.9.5 -Inodoro: 186,75 euros/ud.
- 1.9.6 -Bidé incluso billame: 141,36 euros/ud.
- 1.9.7 -Bañeira incluso billame: 165,98 euros/ud.

1.10.-Instalación de electricidade:

- 1.10.1 -Instalación de electricidade: 1.245,00 euros/ud.

1.11.-Instalación de calefacción:

- 1.11.1 -Instalación. Mínimo ata 100 m²: 3.804,15/ud. 13,87 euros/m².

1.12.-Pozos:

- 1.12.1 -Pozo de barrena: 1.314,14 euros/ud.
- 1.12.2 -Pozo artesán: 1.729,13 euros/ud.

1.13.-Depuración:

1.13.1 -Fosa séptica e pozo filtrante: 1.245,00 euros/ud.

1.14.-Piscinas:

1.14.1 -Piscina completa. Mínimo: 10.374,89 euros/ud.

1.15.-Pistas:

1.15.1 -Pista deportiva: 69,09 euros/m².

1.15.2 -Beirarrúa: 17,99 euros/m².

1.16.-Guindastre:

1.16.1 -Guindastre: 300 euros/ud.

1.17.-Colocación de andamios:

1.17.1 -Colocación de andamios: 30,00 euros/ud.

2.-OUTRAS OBRAS MAIORES

Relación de prezos medios de execución material (m² construído).

Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares: 390,08 euros/m².

Outros usos en edificio de vivendas plurifamiliares:

Espazos baleiros, sotos, semisotos e garaxes: 155,10 euros/m².

Usos de vivenda unifamiliar: 465,11 euros/m².

Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar:

Espazos baleiros, sotos, semisotos e garaxes: 150,59 euros/m².

Edificios con uso exclusivo industrial.

Sen proceso produtivo: 193,83 euros/m².

Edificio con uso exclusivo terciario: 348,68 euros/m².

Acondicionamento ou reforma de locais comerciais: 338,68 euros/m².

Nota: no caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestimar a valoración realizada”.

6.Aprobación ordenanza reguladora dos procedementos de intervención nos actos de uso do solo, subsolo, actividades e apertura de establecementos

O Pleno de 25 de abril de 2011 aprobou a ordenanza reguladora dos procedementos de control do exercicio de actividades e servizos suxeitos á comunicación previa e declaración responsable.

Tendo en conta os cambios normativos producidos, tanto na lexislación estatal como na autonómica procede derrogar dita ordenanza e aprobar a que a continuación se detalla.

O señor Canabal di que aparte dos cualificativos que acaba de mencionar o alcalde, de unificación de concesión de licenzas, protocolos, claridade, sinxeleza, ordenanza tipo... eu engadiría outro. É un amolo.

Nós vendo esta ordenanza podemos aceptar calquera cualificativo menos o de sinxeleza e claridade. É unha ordenanza tremendamente complexa e entre as súas características non están a claridade e a sinxeleza, senón que é moi escura e enrevesada. E ademais non facilita moitos dos trámites que tenta regular como o de apertura de establecementos. Tamén vemos que é unha ordenanza tipo, que non recolle ao noso ver as particularidades do noso concello.

Imos a absternos na votación porque non o vemos nada claro, a espera de poder facer unha comprobación da súa aplicación práctica na realidade do concello.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP e coa abstención do grupo Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1.- Derrogar a Ordenanza reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades e servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable, aprobada no Pleno de data 25 de abril de 2011.

2.- Aprobar a seguinte Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NOS ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro, relativa ós servizos no mercado interior, e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que incorpora aquela ó Dereito español, pretenden facilitar a liberdade de establecementos dos prestadores e a libre prestación de servizos, simplificando os procedementos.

Así mesmo, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, modifica o artigo 84 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, engadindo ós sistemas clásicos de intervención na actividade dos cidadáns por parte das entidades locais, o da comunicación previa ou declaración responsable, e o sometemento a control posterior ó inicio da actividade.

Por iso, o Real Decreto 2009/2009, do 23 de decembro, modifica o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 1955, de xeito que o seu artigo 22.1, que suxeitaba a licenza a apertura de establecementos industriais e mercantís, queda redactado da seguinte forma: “a apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse ós medios de intervención municipal, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local e na Lei 17/2009, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio”. Isto obedece á necesidade de adecuar o contido deste Regulamento ó novo réxime que introduce a comunicación previa ou a declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas.

Posteriormente, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible, volve a modificar a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, engadíndolle un novo artigo 84.bis, que establece que “con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo”, se ben mantén este mesmo control previo para aquelas actividades que afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico artístico, a seguridade ou a saúde pública, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público.

Así pois, foi preciso establecer e regular os procedementos para estes novos medios de intervención administrativa cunha ordenanza municipal, e determinar as actividades que quedarían excluídas destes mecanismos de control que, con carácter xeral, se establecen no artigo 84.bis da Lei de Bases do Réxime Local, para as actividades.

Este foi o obxectivo precisamente da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades e servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable, aprobada por esta Corporación, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 118, do 22 de xuño de 2011. Sen embargo, despois dos últimos cambios normativos producidos, tanto na lexislación estatal como na autonómica, dita ordenanza xa resulta obsoleta e insuficiente para atender o novo réxime xurídico das actividades e da apertura de establecementos.

Así, a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos elimina, por un lado, todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde públicas ligados a establecementos comerciais e outros que se detallan no seu anexo, de menos de 300m² de superficie, e, por outro lado, estende esta “flexibilización” tamén ás obras ligadas ó acondicionamento destes locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra, de conformidade coa Lei 38/1999, de ordenación da edificación, como así sinala no artigo 3 da mesma.

Posteriormente, e nesta mesma liña de control administrativo a posteriori, é determinante a Lei autonómica 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que ven a establecer un marco moito máis amplo para o exercicio de actividades sen licenza previa, e para a execución de actos de uso do solo e do subsolo sen control a priori, modificando para elo a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Esta última lei ven a establecer un novo réxime xurídico para Galicia, no que ó exercicio de actividades e realización de obras se refire, de tal maneira que para unhas e para outras establece como réxime xeral de control o da comunicación previa, deixando para supostos excepcionais de espectáculos públicos e actividades recreativas, o outorgamento de licenzas de actividade, e reducindo os actos de uso do solo e subsolo que requiren de previa licenza municipal, como o demostra a nova redacción que da ó artigo 194.2 da Lei 9/2002.

Neste novo contexto faise pois necesario crear un novo marco xurídico municipal que dea resposta e desenvolvemento ó novo réxime das comunicacións previas, tanto en obras como en actividades. Este é un dos obxectivos da presente Ordenanza Municipal, dando así resposta ó artigo 25 da Lei 9/2013, ó artigo 194.8 da Lei 9/2002 na súa nova redacción, ó artigo 5 da Lei 12/2012, e ó artigo 28.2 da Lei 13/2010, do comercio interior de Galicia, na redacción dada pola citada Lei 9/2013, que ven a requirir dos Concellos, o establecemento e a planificación dos procedementos de comunicación

necesarios, así como os de verificación posterior dos requisitos precisos e dos elementos e circunstancias postas de manifesto polo interesado, a través da comunicación previa.

Sendo este obxectivo xa de por si importante, esta Ordenanza tamén pretende regular os procedementos de intervención a priori, é dicir, os supostos nos que se requira licenza municipal, tanto para os actos de uso do solo e do subsolo, como para o exercicio de actividades, que aínda que menores en número, non por iso son menos importantes. Desta maneira, o que se pretende é que dunha maneira integral, nun mesmo texto normativo municipal, se teñan regulados, dentro das competencias dun Concello, todos os procedementos de intervención administrativa, tanto para os actos de uso do solo e subsolo, como para o exercicio de actividades e apertura de establecementos. Isto redundará no beneficio dunha maior claridade e seguridade xurídica, habida conta da interrelación que, en numerosas ocasións, se da entre as obras e as actividades que se refiren a unha mesma actuación, cando ademais poden estar sometidas as primeiras a licenza e as segundas a comunicación previa, ou viceversa.

A Ordenanza estrutúrase en cinco Títulos, divididos, á súa vez, en Capítulos, e estes, no seu caso, en Seccións:

- O Título I denomínase Disposicións Xerais, e a súa fin é determinar o obxecto, os distintos réximes existentes, e as normas comúns ós mesmos.
- O Título II refírese ós distintos actos de uso do solo e do subsolo, estean sometidos a licenza (Capítulo I), ou ó réxime de comunicación previa (Capítulo II).
- O Título III regula os procedementos para as actividades e apertura de establecementos, xa sometidas ó réxime de comunicación previa (Capítulo I), xa sometidas ó réxime de licenza (Capítulo II).
- O Título IV regula o procedemento de control posterior, tanto sobre actos de uso do solo e do subsolo, como sobre actividades.
- O Título V refírese á reposición da legalidade e ó réxime sancionador.
- Complétase a regulación con tres Disposicións Adicionais, unha Disposición Transitoria, unha Disposición Derrogatoria e outra Disposición Final.
- Nos Anexos I, II, III e IV queda reflectida a documentación que debe presentarse en cada caso.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 1º.- OBXECTO.

1.- A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención, control da legalidade e inspección municipais dos actos de uso do solo e do subsolo de natureza urbanística, e das actividades que se implanten e desenvolvan no termo municipal de Boqueixón.

2.- Esta Ordenanza dítase en desenvolvemento da Directiva de Servizos 2006/123/CE, da normativa estatal e autonómica, e da lexislación de réxime local.

3.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta Ordenanza, as actividades de venda ambulante, que se rexerán pola lexislación específica de aplicación, e pola súa respectiva ordenanza municipal.

ARTIGO 2º.- RÉXIME.

1.- Os actos de uso do solo e do subsolo quedan sometidos ó réxime de intervención municipal de comunicación previa, excepto naqueles casos en que esta Ordenanza, ou a lexislación en vigor, requiran que se solicite e obteña unha licenza municipal previa.

2.- A implantación e desenvolvemento de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos estará suxeita á presentación dunha comunicación previa no Concello de Boqueixón, excepto naqueles casos nos que esta Ordenanza, ou a lexislación en vigor, requiran que se solicite e obteña unha licenza municipal previa.

A actividade de intervención axustarase, en todo caso, ós principios de igualdade de trato, necesidade e proporcionalidade, en relación coa fin que se persegue.

3.- Naqueles casos nos que a actuación pretendida requira dalgunha autorización, cualificación ou informe favorable doutra Administración Pública distinta da municipal, esixible pola lexislación sectorial de aplicación, a comunicación previa ou o outorgamento da licenza municipal requirirá a previa emisión e incorporación ó expediente de dita autorización, cualificación ou informe.

ARTIGO 3º.- DEFINICIÓNS.

1.- Nos termos da lexislación vixente, e para os efectos desta Ordenanza, enténdese por:

1) **LICENZA:** acto administrativo regulado, mediante o que o órgano municipal competente, tras a comprobación do cumprimento das condicións establecidas pola normativa de aplicación, autoriza actos de uso do solo e/ou do subsolo, ou o exercicio de actividades e/ou apertura de establecementos.

2) **COMUNICACIÓN PREVIA:** documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello de Boqueixón os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito, ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido nos artigos 70.1 e 71 bis-2 da redacción actual da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ó que acompañarán a documentación acreditativa do cumprimento da normativa que resulte de aplicación.

2.- As licenzas ou comunicacións previas recibirán o nome de **URBANÍSTICAS** cando teñan por obxecto actos de uso do solo e do subsolo, e **DE ACTIVIDADE** cando teñan por obxecto a instalación e o exercicio de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos.

ARTIGO 4º.- OBRAS E ACTIVIDADES DE PARTICULARES EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO.

1.- Cando se pretendan realizar por particulares actos de uso do solo e do subsolo ou actividades en terreos de dominio público que non sexa municipal, esixirase igualmente licenza ou comunicación previa, independentemente das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da Administración titular do dominio público. Estas autorizacións ou concesións deberán de acompañar á solicitude de licenza municipal ou á comunicación previa que, no seu caso, se presente, e serán necesarias para que estas se podan tramitar ou producir efectos.

2.- Cando se pretendan realizar actos de uso do solo e do subsolo ou actividades en terreos de dominio público municipal, e estiveran suxeitos a concesión administrativa, se no procedemento de outorgamento desta concesión se houberse constatado a adecuación do proxecto á normativa urbanística e sectorial de aplicación, as licenzas urbanísticas e de actividade e os efectos das comunicacións previas entenderanse

concedidas e producidos, respectivamente, coa propia resolución que outorgue a concesión administrativa.

3.- Cando os actos de uso do solo e do subsolo e as actividades pretendidas en dominio público municipal impliquen un uso común especial sometido a licenza ou autorización municipal, segundo o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o outorgamento da licenza urbanística ou de actividade implicará a concesión da licenza ou autorización para a ocupación do dominio público.

Se os actos de uso do solo e do subsolo ou actividades a realizar en dominio público municipal están sometidas ó réxime de comunicación previa, terase que solicitar previamente a licenza para usar dito dominio público e, unha vez obtida, terase que xuntar á documentación que acompañe á comunicación previa.

ARTIGO 5º.- ERRO NA CUALIFICACIÓN DO ESCRITO PRESENTADO.

1.- O erro na cualificación do escrito presentado pola persoa interesada sobre a elección do procedemento de sometemento a licenza ou de comunicación previa non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do su contido se deduza o seu verdadeiro carácter. O Concello notificará ó interesado sobre tal circunstancia e, no seu caso, requirirá a documentación que sexa precisa para a continuación do procedemento que corresponda.

2.- Cando a persoa interesada presentara no Concello unha comunicación previa, sendo o réxime aplicable o da licenza, advertiráselle que non poderá efectuar a obra ou iniciar a actividade ata que obteña a preceptiva licenza. Se iniciara a obra ou a actividade, requiriráselle para que proceda de inmediato á súa paralización, coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

3.- Cando a persoa interesada solicitase ante o Concello unha licenza cando o réxime aplicable é o da comunicación previa, notificaráselle para sinalar tal feito e para que presente, no seu caso, a documentación correspondente, non podendo iniciar a obra ou desenvolver a actividade en tanto non presente a mencionada documentación.

ARTIGO 6º.- CRITERIOS INTERPRETATIVOS NO SOMETEMENTO ÓS PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN.

Os interesados na realización de calquera actuación que pertenza ó ámbito de aplicación da presente Ordenanza, terán que axustarse ós procedementos de solicitude de licenza ou comunicación previa, nos termos aquí dispostos.

Cando algunha das actuacións que se pretendan executar non se axusten a algún dos supostos establecidos nos anexos desta Ordenanza, asimilárase coa que presente maior coincidencia, aplicándolle o réxime correspondente.

ARTIGO 7º.- CONSULTA PREVIA.

1.- Os particulares poderán presentar solicitudes de consulta previa do réxime e das condicións urbanísticas aplicables a unha finca determinada, edificación ou local, así como dos actos de uso do solo e subsolo, actividades permitidas e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación da que se trate.

Igualmente, poderase formular unha consulta por escrito sobre unha iniciativa de actividade ou obra concreta, que se acompañará dunha memoria descritiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible no que se pretenda levar a cabo, ou da obra que se pretende executar.

2.- Nos casos de consultas relativas a unha parcela ou edificación, a solicitude deberá de vir acompañada da referencia catastral da mesma, para a súa correcta identificación.

3.- Sobre a consulta formulada, os Servizos Técnicos e Urbanísticos do Concello emitirán un informe que sinalará a clasificación e cualificación do solo que corresponda á finca, polígono ou sector do que se trate, os usos e intensidades que teñan atribuídos polo planeamento, os parámetros urbanísticos que sexan de aplicación e, no seu caso, os requisitos esixidos e a documentación a aportar para a execución dunha obra, apertura dun establecemento ou inicio dunha actividade.

4.- A consulta será contestada nun prazo máximo dun (1) mes, unha vez presentada no rexistro municipal a solicitude.

5.- O sentido da resposta ás consultas formuladas non terá carácter vinculante para a Administración.

ARTIGO 8º.- ACTOS NON SUXEITOS A LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA.

Dado que se rexen por unha tramitación propia, non será esixible licenza ou comunicación previa nos seguintes supostos:

- Os parcelamentos urbanísticos e calquera acto de división de parcelas efectuadas a través de proxectos de compensación, reparcelamento, equidistribución ou normalización de predios.
- A demolición de construcións declaradas previamente en ruína, a través do pertinente expediente contradictorio, sen prexuízo da redacción dun proxecto técnico para a súa execución, se a entidade das obras de demolición o require.
- As obras de apuntalamiento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas.
- As obras derivadas dunha orde de execución, salvo que pola entidade das obras se esixa solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa, acompañadas do correspondente proxecto técnico.
- As obras derivadas de resolucións recaídas en expedientes de reposición da legalidade urbanística que non impliquen demolición total ou parcial.
- As obras de urbanización previstas nos proxectos de urbanización.
- As actuacións urbanísticas promovidas polo Concello no seu propio termo municipal, que se entenderán autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto, logo da acreditación no expediente do cumprimento da normativa de aplicación.
- As obras públicas eximidas expresamente pola lexislación sectorial ou de ordenación do territorio.

ARTIGO 9º.- SITUACIÓNS XURÍDICAS PRIVADAS.

As licenzas e as comunicacións previas producirán efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

O título habilitante que supón a concesión dunha licenza ou a presentación dunha comunicación previa para a realización dun acto de uso do solo e do subsolo, ou o exercicio dunha actividade entenderase outorgado ou comunicado deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros.

ARTIGO 10º.- RESPONSABILIDADES.

- 1.- O persoal técnico asinante da documentación técnica achegada é responsable da súa calidade e axuste á ordenación urbanística e á normativa de aplicación en cada caso.
- 2.- A dirección facultativa nomeada para a execución das actuacións obxecto de licenza ou comunicación previa (dirección de obra e dirección de execución) é responsable da conformidade das devanditas actuacións coa documentación técnica aprobada, coa ordenación urbanística e coa normativa de aplicación e, en ausencia de regulamentación e instrucións específicas, coas normas técnicas de recoñecemento xeral, e do bo facer técnico e construtivo.
- 3.- O persoal técnico asinante de calquera certificación que se achegue é responsable da exactitude e veracidade contida nela.
- 4.- Os comunicantes, solicitantes de licenza ou promotores son responsables, durante a execución das actuacións, do cumprimento das determinacións contidas na documentación técnica achegada.

TÍTULO II.- LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

CAPÍTULO I.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

SECCIÓN 1ª: ACTOS SUXEITOS E RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS.

ARTIGO 11º.- ACTOS SUXEITOS A LICENZA.

Estarán suxeitos a licenza municipal previa os actos de uso do solo e do subsolo seguintes:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte á normativa xeral de ordenación de edificación, precisen de proxecto de obras de edificación (definición segundo o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, ou normativa que a substitúa).
- b) As intervencións en edificios declarados como bens de interese cultural, ou catalogados polas súas características singulares ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións.
- d) Os muros de contención de terras.
- e) Os grandes movementos de terras, e as explanacións.
- f) Os parcelamentos, segregacións e outros actos de división de terreos en calquera clasificación de solo, cando non formen parte dun proxecto de compensación ou reparcelamento.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
- i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística, entendendo por estes aqueles terreos incluídos nos ámbitos de solo urbanizable (ou solo apto para urbanizar), de solo urbano non consolidado ou de solo de núcleo rural sometidos a actuacións de carácter integral e, en todo caso, cando a devandita corta derive da lexislación de protección do dominio público.
- j) Calquera outro acto que se sinala a través dunha disposición legal.

Ante calquera cambio lexislativo que contradiga o sinalado anteriormente, aplicarase o principio de xerarquía normativa.

ARTIGO 12º.- FINALIDADE DAS LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- A licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos relacionados no artigo anterior se axustan ó ordenamento urbanístico vixente, se o aproveitamento proxectado se axusta ó susceptible de apropiación, e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.

2.- Non se poderá iniciar a execución dos actos de uso do solo e do subsolo pretendidos, en tanto non se obteña a preceptiva licenza. Nos casos establecidos pola normativa, non se poderán iniciar ditos actos mentres non se presente o proxecto de execución correspondente.

ARTIGO 13º.- ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL.

A intervención municipal, a través da licenza urbanística, non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección facultativa, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.

SECCION 2ª: PROCEDIMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS.

ARTIGO 14º.- SOLICITUDE DE LICENZA.

1.- Os procedementos de tramitación das distintas licenzas urbanísticas iniciaranse mediante os modelos oficiais de solicitude, que se publican na sede electrónica municipal. A estas solicitudes acompañarase a documentación que corresponda en cada caso, e que se relaciona igualmente na sede electrónica municipal, e na presente Ordenanza.

2.- A presentación das solicitudes e documentación requirida deberá efectuarse a través do Rexistro Municipal, ou de calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da redacción actual da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou telematicamente a través da sede electrónica municipal.

Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel, o proxecto técnico que se aporte, no caso de ser necesario, terase que presentar tamén e, en todo caso, en soporte dixital formato PDF. Se o proxecto foi visado electronicamente por un colexio profesional que permita o acceso á súa plataforma, será suficiente coa presentación do código de proxecto e a autorización do solicitante para o acceso dende o concello.

3.- Cando, para a solicitude de licenza, se precise proxecto técnico, este deberá estar completo, entendendo por tal que conteña o contido establecido pola normativa de aplicación, e pola presente Ordenanza.

ARTIGO 15º.- TRAMITACIÓN.

1.- As solicitudes de licenzas urbanísticas tramitaranse de acordo coa lexislación reguladora do procedemento administrativo común coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial, e coas contidas na presente Ordenanza.

2.- A solicitude de licenza só comezará a producir efectos desde o momento no que o correspondente escrito, coa documentación completa esixida en cada caso, tivera entrada no Rexistro Municipal.

ARTIGO 16º.- SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE.

1.- Se os Servizos Técnicos e Urbanísticos Municipais detectaran omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude, ou na documentación presentada, xa sexa no momento da súa presentación, ou xa sexa posteriormente, requiriráselle ó solicitante para que no prazo de dez (10) días hábiles complete, emende ou aclare aquelas, con indicación de que se así non o fixera, entenderase por desistida a súa solicitude, con arranxo ó previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

2.- O cómputo do prazo máximo para ditar resolución suspenderase polo requirimento para a emenda de deficiencias, polo tempo que medie ente a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo solicitante.

3.- Se o requirimento non se leva a cabo de forma completa, ou se efectúa de maneira insuficiente poderase realizar un segundo requirimento sobre as deficiencias no corrixidas, que deberán emendarse adecuadamente nun novo prazo concedido. De non ser así, provocará a declaración de desestimento do solicitante sen que haxa lugar a máis requirimentos.

ARTIGO 17º.- MODIFICACIÓN DO ACTO PARA O QUE SE SOLICITA LICENZA.

Se antes de que se concedera a licenza se pretenderan modificacións no proxecto técnico ou documentación presentada, e estas modificacións alterasen determinacións da actuación pretendida que afectasen ó aproveitamento urbanístico, altura, ocupación en planta, forma e posición do edificio na parcela, estrutura, número de vivendas, usos, accesibilidade, habitabilidade ou afección ó entorno, o interesado deberá, previo desistimento da licenza solicitada, solicitar unha nova licenza, que se tramitará con arranxo á normativa vixente na data da nova solicitude.

ARTIGO 18º.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

1.- As actuacións que se pretendan realizar en terreos, construcións ou instalacións que precisen, ademais da licenza municipal, de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas, conforme á normativa sectorial de aplicación, necesitarán da súa previa achega para a concesión, se procede, da correspondente licenza urbanística.

2.- No caso de que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial, o procedemento de tramitación da solicitude de licenza municipal quedará en suspenso polo tempo que medie entre a notificación do seu requirimento e a súa efectiva presentación.

Este prazo de suspensión non poderá exceder, en todo caso, de tres (3) meses; transcorrido o mesmo sen que se teñan achegado as autorizacións ou informes sectoriais pertinentes, acordarase, previa a súa advertencia, o arquivo das actuacións, e declararase a caducidade do procedemento. Non se aplicará o citado prazo, no caso de que o retraso estea causado pola administración á que se solicitou a autorización ou informe.

3.- A mesma suspensión do procedemento producirase cando sexa o Concello o que, ante unha solicitude de licenza urbanística, deba solicitar autorizacións ou informes sectoriais a outras administracións públicas, de acordo coa lexislación sectorial de aplicación, e polo tempo que medie entre a petición e a recepción da autorización ou informe.

ARTIGO 19º.- INFORMES.

Á vista da documentación presentada, e de conformidade coa normativa urbanística de aplicación, os servizos municipais emitirán informe técnico sobre o uso e a obra proxectada, e posteriormente, o preceptivo informe xurídico con proposta de resolución.

ARTIGO 20º.- CESIÓN DE TERREOS.

1.- Antes de emitirse proposta de resolución favorable para a concesión de licenza de calquera tipo de obra ou de actividade en solos urbanos consolidados que non teñan a condición de solar, nin regularizadas as vías públicas, o propietario deberá ceder gratuitamente ó Concello, os terreos destinados a viario fóra das aliñacións establecidas no planeamento, previa segregación dos mesmos, se fora necesario. Esta mesma obriga deberá de cumprirse antes da presentación dunha comunicación previa urbanística ou de actividade, si se dan os mesmos elementos de feito.

2.- Igualmente, esta obriga do propietario terá lugar nos solos de núcleo rural, cando se pretendara construír unha nova edificación ou substituír a existente.

3.- Esta cesión, unha vez aceptada polo Concello, formalizarase en escritura pública, que será presentada nas dependencias municipais con constancia da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

ARTIGO 21º.- RESOLUCIÓN.

1.- Completo o expediente, e formulada proposta de resolución, esta elevarase ó órgano competente para a resolución, que porá fin ó procedemento. A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión da licenza condicionada ó cumprimento de determinados requisitos, ou denegación da licenza.

Toda resolución que denegue unha licenza deberá de ser debidamente motivada, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento e/ou da normativa urbanística que se incumpran.

2.- As solicitudes de licenza resolveranse no prazo de tres (3) meses, contando desde a presentación da solicitude coa documentación completa no Rexistro Municipal; a excepción das solicitudes de licenza para división de terreos, que non sexan parcelamentos urbanísticos, para a primeira ocupación de edificios e para a corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva ás que se refiren os apartados g), h) e j) do artigo 9 desta Ordenanza, que se resolverán no prazo dun (1) mes, contado desde o mesmo momento, sempre que non se establezan outros prazos por disposición legal.

3.- Transcorridos os prazos sinalados no apartado anterior para resolver as solicitudes de licenza, coas suspensións legalmente procedentes, sen que se adopte resolución municipal expresa, operará o réxime do silencio administrativo, na forma legalmente establecida. En ningún caso, se entenderán adquiridas por silencio administrativo positivas licenzas en contra da normativa urbanística.

ARTIGO 22º.- LICENZAS CONDICIONADAS A COMPLETAR A URBANIZACIÓN.

1.- As licenzas de edificación de nova planta, ou de ampliación ou reforma de edificios existentes que se soliciten para terreos urbanos consolidados que aínda non tiveran a condición de solar, ou que sendo de núcleo rural, precisen de obras de acometida ás redes de servizos existentes ou de urbanización, serán outorgadas cando se asegure a execución simultánea da urbanización e da edificación.

2.- Con carácter previo ó outorgamento da licenza, deberá constituírse unha garantía por importe do 100% do custe das obras de urbanización pendentes, e/ou do custe previsible de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra, que se determinarán no propio proxecto técnico da edificación, ou nun anexo ó mesmo.

Esta garantía devolverase no mesmo acto de outorgamento da licenza de primeira ocupación. En consecuencia, a súa concesión quedará supeditada a que se teñan executado total e satisfactoriamente as obrigas garantidas.

No caso de obras para as que non é necesaria a licenza de primeira ocupación, a garantía devolverase tras a comunicación por parte do solicitante do remate das obras, con presentación de certificado final de obra de técnico competente, sempre que se teñan cumprido total e satisfactoriamente as obrigas garantidas.

ARTIGO 23º.- EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS LICENZAS.

1.- As licenzas urbanísticas extinguiranse polos seguintes motivos:

- a) Por caducidade.
- b) Por declaración de renuncia do solicitante, comunicada por escrito ó Concello.
- c) Por resolución xudicial ou administrativa, a través dos procedementos de revisión de oficio regulados na lexislación administrativa que anule as mesmas.

2.- As licenzas urbanísticas outorgaranse con suxeición a un prazo determinado de caducidade, tanto para o inicio das obras, como para a súa finalización, así como para a interrupción das mesmas.

O prazo máximo para o inicio das obras é de seis (6) meses, e para a súa terminación é de tres (3) anos, contados a partir da data da notificación da resolución de concesión da licenza, non podendo interromperse as obras por un tempo superior a seis (6) meses.

3.- Os referidos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza, sempre que sexa formulada antes da conclusión dos mesmos, e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. En calquera caso, a prórroga concederase por un prazo non superior ó inicialmente acordado.

4.- Unha vez transcorridos e incumpridos calquera dos prazos mencionados anteriormente, o órgano competente para conceder a licenza poderá declarar a caducidade da mesma, previa audiencia ó seu titular.

5.- A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras, salvo para traballos de seguridade e mantemento dos que se dará conta ó Concello, para o seu control. Declarada a caducidade da licenza poderá solicitarse unha nova licenza, que se tramitará de conformidade coa normativa urbanística vixente na data da nova solicitude.

SECCIÓN 3ª: EXECUCIÓN DAS OBRAS.

ARTIGO 24º.- COMUNICACIÓN DE EMPRESA CONSTRUTORA.

Antes do comezo das obras, o titular da licenza comunicará ó Concello o nomeamento da dirección facultativa correspondente, así como o nome e enderezo social da empresa construtora das mesmas. Se cambiase a empresa encargada da realización das obras, o titular da licenza igualmente deberá comunicar tal circunstancia á Administración municipal.

ARTIGO 25º.- DEFINICIÓN DE ALIÑACIÓNS E RASANTES.

1.- No caso de obras de edificación de nova construción, de ampliación de edificios existentes que alteren a ocupación en planta, de muros de contención e de instalación de casas prefabricadas e edificacións similares, ás que se refire o artigo 9 desta Ordenanza, será condición indispensable para o comezo das obras que, unha vez concedida a pertinente licenza, se proceda á definición de aliñacións e rasantes, que deberá ser solicitada polo titular.


2.- A solicitude de definición de aliñacións e rasantes irá acompañada dun plano, por triplicado, da localización das edificacións e/ou muros dentro da parcela, a escala 1:500 (ou en todo caso, a unha escala suficiente que permita a súa correcta definición, lectura e medición), con todos os seus datos acoutados, e de xeito indispensable, as distancias e cotas con respecto ó viario.

3.- As aliñacións e rasantes ás que se deberán axustar as edificación e/ou muros serán sinaladas na acta de replanteo da obra. No acto de definición de aliñacións e rasantes, que se efectuará no día e hora sinalado polos Servizos Técnicos e Urbanísticos Municipais, concorrerán: un técnico municipal, o titular da licenza e o técnico director da mesma. Estes mesmos asinarán, a continuación, a acta de replanteo por triplicado, así como o plano acoutado que se xuntou coa solicitude.

ARTIGO 26º.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA E CARTEL INDICADOR.

1.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, a pe de obra, dunha copia autorizada da licenza municipal, e dunha copia autorizada da acta de replanteo para aquelas obras nas que se precise, de conformidade co apartado 1 do artigo 23 desta Ordenanza.

2.- Ademais do indicado no apartado anterior, nas obras de edificación de nova construción, e nas intervencións en edificios existentes que requiran de licenza municipal, será tamén requisito indispensable a colocación a pe de obra dun cartel indicador que sexa lexible desde a vía pública, coas dimensións de 110cm de ancho por 80cm de alto e co contido que se indica no esquema seguinte:

	CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña)
Nº EXPEDIENTE DA LICENZA:	
DATA DE EXPEDICIÓN DA LICENZA:	
ORDENANZA DE APLICACIÓN:	
PROMOTOR:	
CONSTRUTOR:	
DIRECTOR DE OBRA:	
DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL:	
COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE:	
Nº DE PLANTAS AUTORIZADAS:	
USO:	
PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN:	

3.- O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo en branco e o texto en negro, perfectamente visible.

ARTIGO 27º.- MODIFICACIÓNS DAS OBRAS AMPARADAS NA LICENZA.

1.- Se durante a execución das obras se previran ou produciran variacións que alteraran o proxecto técnico ou a documentación sobre a que se baseou a licenza outorgada nalgún dos parámetros relacionados no artigo 15 desta Ordenanza, o titular estará obrigado a solicitar unha nova licenza que ampare as mesmas.

2.- As modificacións de detalle que durante a execución das obras non alteren os parámetros urbanísticos da licenza outorgada, relacionados no artigo 15 desta Ordenanza, deberán documentarse cunha memoria e/ou planos, que se achegarán xunto coa solicitude da licenza de primeira ocupación, se esta fora necesaria, ou directamente unha vez concluídas as obras, e onde quedarán perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións de detalle introducidas.

SECCIÓN 4ª: REMATE DAS OBRAS.

ARTIGO 28º.- OBRIGAS DO TITULAR DA LICENZA Ó CONCLUÍR AS OBRAS.

1.- Dentro dos dez (10) días hábiles seguintes á conclusión dunha obra, o titular da licenza deberá:

- Retirar os materiais sobrantes e as estadas, valados e barreiras.
- Construír ou repoñer o piso definitivo das beirarrúas.
- Repoñer ou reparar o pavimento da calzada ou praza, arborado ou zona verde, conducións ou redes de servizo, e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados polas obras de construción, e non estiveran xa repostos ou reparados.

Subsidiariamente, destas obrigas responderá o propietario do solo no que se executara a obra, se non coincide co titular da licenza.

2.- Nos casos de obras de edificación de nova construción sometidas a licenza, e nos casos de intervencións de carácter total ou parcial en edificios existentes sometidos igualmente a licenza, o titular da mesma deberá solicitar a preceptiva licenza de primeira ocupación unha vez concluídas as obras.

ARTIGO 29º.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.- A licenza de primeira ocupación esixirase para a utilización dos edificios ós que se refire o apartado 2 do artigo 26 desta Ordenanza.

2.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto comprobar que as obras están completamente terminadas, e se axustan á licenza de obras outorgada, así como ás condicións que se puideran impoñer na mesma e que, no seu caso, o promotor asinou o compromiso de realizar simultaneamente e con arranxo ó proxecto de urbanización, ou ó proxecto técnico, a urbanización esixida.

3.- O titular da licenza de obras solicitará a licenza de primeira ocupación acompañando a súa solicitude o certificado final da obra e, no seu caso, da urbanización, firmado pola dirección facultativa, e visado polo Colexio Profesional correspondente nos casos que determine a normativa, no que conste que as obras están completamente rematadas, e que se axustan á licenza outorgada ou, no seu caso, ó proxecto de urbanización.

Igualmente, acompañarase a dita solicitude a documentación indicada no apartado correspondente do Anexo I da presente Ordenanza.

4.- Comprobada a documentación aportada polos Servizos Técnicos e Urbanísticos Municipais, procederase a inspeccionar as obras de edificación e, no seu caso, de urbanización executadas.

En ningún caso se poderá conceder a licenza de primeira ocupación a edificación algunha se a obra urbanizadora esixida non está debidamente concluída, e apta para a súa recepción. A concesión da licenza de primeira ocupación implicará a previa ou simultánea recepción da obra urbanizadora que, no seu caso, se tivera que executar.

5.- Si se comproba que as obras de edificación ou urbanización non se atopan completamente finalizadas, ou non se cumpriron as obrigas de reposición relacionadas no artigo 26.1 desta Ordenanza, suspenderase o procedemento, e requirirase a execución das obras necesarias para a súa correcta finalización.

6.- A terminación das obras sen axustarse ós termos da licenza concedida ou, no seu caso, do proxecto de urbanización aprobado, dará lugar á denegación da licenza de primeira ocupación, e á incoación do pertinente procedemento para a reposición da legalidade infrinxida, sen prexuízo da incoación do procedemento sancionador correspondente.

7.- Para a conexión dos servizos de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, gas, telefonía ou outro servizo propio das edificacións, será necesaria a concesión da licenza de primeira ocupación. En base a isto, as empresas ou entidades subministradoras de tales servizos esixirán a licenza de primeira ocupación para a contratación dos mesmos.

O Concello, previa audiencia ó titular, poderá ordenar o corte do subministro contratado, sen a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

ARTIGO 30º.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARCIAL.

Sen prexuízo do que estableza a regulamentación urbanística, poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxecto de licenza cumpra cos seguintes requisitos:

- Que teña consideración de obra completa, e cumpra todas as esixencias da normativa técnica e urbanística aplicables.
- Que sexa susceptible de emprego independente.
- Que, no seu caso, a urbanización interior ou exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza, se atope totalmente rematada, e se garanta o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza urbanística.

ARTIGO 31º.- DECLARACIÓN DE OBRA NOVA.

Para escriturar ou inscribir declaracións de obra nova rematada é necesario dispoñer da respectiva licenza de primeira ocupación.

Para escriturar ou inscribir declaracións de obra nova en construción, esixirase a presentación da licenza urbanística que permitiu o comezo das actuacións, así como unha certificación expedida pola dirección facultativa, que acredite que a obra se axusta ó proxecto obxecto da licenza.

CAPÍTULO II.- COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

SECCIÓN 1ª: ACTOS SUXEITOS E RÉXIME XURÍDICO.

ARTIGO 32º.- ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

1.- Están suxeitos ó réxime de intervención municipal de comunicación previa todos os actos de ocupación, construción, edificación e, en xeral, de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, polo tanto, non relacionados no artigo 9 da presente Ordenanza, ademais, e en todo caso, dos que así se establezan nas leis.

2.- Tamén se someten ó réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquera acto de uso do solo ou subsolo xa estea autorizado por licenza urbanística ou por comunicación previa, debendo comunicalo por escrito ó Concello quen vaia a exercer a nova titularidade.

ARTIGO 33º.- EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA.

1.- A presentación dunha comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo que se comunican unha vez que transcorra o prazo de quince (15) días hábiles, contado a partir da data da súa entrada, con toda a documentación completa, no Rexistro Municipal, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

2.- Dentro do prazo dos quince (15) días hábiles sinalado no apartado anterior, o Concello poderá declarar completa a documentación presentada, ou requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma, quedando sen efecto dito prazo para o inicio das obras, que se reiniciará unha vez presentada a documentación requirida ou coas deficiencias emendadas.

3.- A presentación dunha comunicación previa non terá efectos nos seguintes casos:

- a) Cando a comunicación previa se presente sen os documentos que deben acompañala, ou sen a cesión de solo á que se refire o artigo 18.1 da presente Ordenanza.
- b) Cando o acto pretendido que se comunica ó Concello está suxeito a licenza municipal.
- c) Cando para a execución das obras foran preceptivos informes ou autorizacións previas doutros organismos públicos que non se xuntan no momento de presentar a comunicación.
- d) Cando a actuación pretendida sexa contraria á normativa de aplicación.

4.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe á comunicación previa comportará, logo da audiencia ó comunicante, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e a imposibilidade de iniciar ou de continuar co exercicio do dereito a executar as obras, desde o momento no que se coñeza, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís as que houbera lugar.

ARTIGO 34º.- RESPONSABILIDADES.

1.- Os técnicos asinantes da documentación técnica que se acompaña a unha comunicación previa son responsables da súa calidade e do seu axuste ás normas que sexan aplicables en cada caso.

2.- Os técnicos asinantes de certificacións ou declaracións que se acompañan a unha comunicación previa son responsables da exactitude e da veracidade do seu contido.

3.- De xeito xeral, o comunicante ou titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigado a executar as obras nas condicións contidas na documentación presentada.

ARTIGO 35º.- ALCANCE DO CONTROL INICIAL DA COMUNICACIÓN PREVIA.

1.- No prazo dos quince (15) días hábiles seguintes ó da presentación dunha comunicación previa urbanística, a actuación municipal circunscribírase estritamente á comprobación da integridade formal e da suficiencia legal da documentación presentada, para poder declarar a mesma completa, a efectos de poder iniciar as obras comunicadas, pero non implicará análise sobre o seu contido, nin comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa e a ordenación urbanísticas, que serán realizados posteriormente, sen prexuízo de que se podan realizar igualmente en dito prazo.

2.- En ningún caso, a intervención municipal sobre a comunicación previa controlará os aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, as condicións de montaxe das instalacións ou a calidade dos elementos ou materiais empregados, sendo responsabilidade exclusiva do proxectista, da dirección técnica, do promotor ou da empresa construtora ou instaladora.

SECCIÓN 2ª: PROCEDIMENTO DE COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

ARTIGO 36º.- REGULACIÓN DO PROCEDIMENTO.

Os actos de control e intervención do Concello nos supostos previstos no artigo 28 da presente Ordenanza axustaranse ó seguinte procedemento:

- a) A comunicación previa deberá efectuarse nos modelos oficiais que se publican na sede electrónica municipal, ou a través de plataformas habilitadas ó efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado. A estas solicitudes acompañarase a documentación que corresponda en cada caso, e que se relaciona igualmente na sede electrónica municipal.
- b) A comunicación previa formularase a instancia de calquera persoa interesada en realizar un acto de uso do solo e do subsolo, ou a través dun representante autorizado, e poderá presentarse no Rexistro Municipal, ou en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da redacción actual Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Pública e do Procedemento Administrativo Común, telematicamente a través da sede electrónica municipal, ou a través das plataformas habilitadas ó efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado. Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel, o proxecto técnico que se aporte, no caso de ser necesario, terase que presentar tamén e, en todo caso, nun soporte dixital formato PDF. Se o proxecto foi visado electronicamente por un colexio profesional que permita o acceso a súa plataforma, será suficiente coa presentación do código de proxecto e a autorización do interesado para o acceso dende o Concello.
- c) A presentación do impreso normalizado, acompañado de todos os documentos esixidos, no Rexistro Municipal, determinará a iniciación do procedemento, rexéndose a mesma, así como a ordenación, instrución e terminación deste, polas disposicións do Título VI da redacción actual Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou norma que a substitúa.

- d) O interesado nos actos de uso do solo e do subsolo deberá comunicar ó Concello a intención de levalos a cabo cunha antelación mínima de quince (15) días hábiles á data na que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución.

ARTIGO 37º.- TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA.

Presentada a comunicación previa, a súa tramitación axustarase ás seguintes regras:

1. Unha vez entregada toda a documentación esixida, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos, polo que, unha vez transcorrido o prazo de quince (15) días hábiles sinalado no artigo 29.1 desta Ordenanza, será título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección.

Neste caso, engadirase á comunicación previa unha dilixencia da dependencia administrativa instrutora, pola que se declarará completa a documentación presentada, o que permitirá que os técnicos municipais comproben o seu contido e o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación, e podan cursar visita de inspección á obra, para comprobar si se axusta á documentación presentada e á normativa aplicable.

2. Cando a comunicación presentada e/ou a documentación que a acompaña sexa insuficiente ou incorrecta, dentro do prazo dos quince (15) días seguintes a súa presentación, requiriráselle ó comunicante para que se absteña de iniciar a súa actuación, concedéndoselle un prazo de dez (10) días hábiles para corrixir as deficiencias detectadas, con indicación de que se non o fixese, terase por desistido do seu dereito, arquivándose o expediente sen máis trámite, con arranxo ó previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, e sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade e sancionador.

Neste caso, o prazo de quince (15) días para o inicio da obra quedará sen efecto, debendo de reiniciarse como sinala o artigo 29.2 desta Ordenanza.

3. Transcorrido o prazo de quince (15) días hábiles desde a presentación da comunicación previa, sen que se requira ó comunicante a corrección de posibles deficiencias que puideran existir na documentación achegada, poderanse iniciar as obras comunicadas, sen que a inactividade da Administración implique emenda dos defectos ou irregularidades que presente o contido da comunicación, ou da documentación que se xunta, nin os que poda presentar a obra ou a actuación obxecto de comunicación.

4. Se unha vez declarada completa a documentación presentada, e trasladada ós técnicos municipais para a súa comprobación, se detectara que o contido desta non se axusta á normativa de aplicación ou ó planeamento urbanístico en vigor, ditarase resolución notificando esta circunstancia ó comunicante, e indicando que debe de absterse de iniciar a obra ou, no seu caso, que debe suspender de inmediato a súa execución, incoándose expediente de reposición da legalidade, coa audiencia pertinente ó interesado.

O Concello deberá ditar a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación das actuacións reflectidas na comunicación á ordenación e normativa

urbanísticas dentro dos quince (15) días seguintes á adopción de calquera medida provisional. A orde que se dite terá os efectos propios da licenza municipal.

ARTIGO 38º.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

As actuacións que se pretendan realizar en terreos, construcións ou instalacións que precisen de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas, conforme á normativa sectorial de aplicación, necesitarán da súa achega coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos en que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial, a comunicación previa non producirá efecto algún, non podéndose iniciar a obra pretendida.

ARTIGO 39º.- PRAZOS PARA EXECUTAR AS OBRAS.

1.- As obras que se comunican deberán iniciarse no prazo máximo de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince (15) días sinalado no artigo 29.1 da presente Ordenanza, e deberán ser finalizadas no prazo máximo dun (1) ano, contado a partir da mesma data.

2.- Os referidos prazos poderán prorrogarse a través dunha nova comunicación na que así se indique, sempre que sexa formulada antes da conclusión dos mesmos, e sempre que as obras sexan conformes coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

En calquera caso, a prórroga non poderá ser por prazos superiores ós establecidos no apartado anterior para o inicio e finalización das obras.

ARTIGO 40º.- EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS.

1.- O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas extinguirase polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas urbanísticas.

No caso da colocación de carteis ou valados publicitarios, o título habilitante extinguirase ós dous (2) anos contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince (15) días sinalado no artigo 29.1 da presente Ordenanza. Este prazo poderase prorrogar por outro período de igual duración, logo dunha nova comunicación previa que así o indique, que deberase presentar antes da conclusión daquel, e sempre que a instalación sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo. Rematada a vixencia desta instalación, o seu promotor deberá desmontala no prazo máximo dun (1) mes.

2.- Unha vez transcorridos e/ou incumpridos calquera dos prazos mencionados no artigo anterior, declararase a caducidade da comunicación previa, previa audiencia ó comunicante.

3.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non podéndose iniciar nin proseguir as obras, salvo para traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ó Concello, para o seu control. Declarada a caducidade da comunicación previa poderá presentarse unha nova, que se tramitará de conformidade coa normativa e ordenación urbanística vixentes na data da nova presentación.

SECCIÓN 3ª: EXECUCIÓN DAS OBRAS.

ARTIGO 41º.- ALIÑACIÓNS DE PECHES.

Se as obras que se comunican se refiren á construción de peches de parcela que lindan cunha vía pública, antes do inicio da obra, o comunicante deberá solicitar nos Servizos Técnicos e Urbanísticos Municipais, que se fixe sobre a parcela a aliñación e o recuado do peche con respecto ó vial público. Para tales efectos, levantarase unha acta de replanteo, que se asinará por duplicado polo interesado, e por un técnico municipal.

ARTIGO 42º.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA OBRA.

Será requisito indispensable en todas as obras, dispoñer a pe de obra, dunha copia autorizada da comunicación previa co selo entrada no Rexistro Municipal, e dunha copia autorizada da acta de replanteo para as obras ás que se refire o artigo anterior desta Ordenanza.

ARTIGO 43º.- MODIFICACIÓNS NA EXECUCIÓN DAS OBRAS COMUNICADAS.

As características e dimensións das obras que se executen non excederán das comunicadas, considerándose como infracción urbanística calquera extralimitación na que se incorra. Cando se pretendan realizar modificacións durante a execución da obra deberase comunicar de novo tal feito ó Concello, cos mesmos requisitos da comunicación inicial.

ARTIGO 44º.- OBRIGAS DO COMUNICANTE DAS OBRAS.

1.- A comunicación previa de obras non supón autorización para a ocupación da vía pública ou outros espazos públicos con materiais de construción, estadas, maquinaria, grúas ou calquera ferramenta ou instrumento, xa que deberá ser obxecto da correspondente solicitude de licenza para a súa autorización, se procede.

2.- Dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes á conclusión dunha obra, o comunicante da mesma deberá:

- Retirar os materiais sobrantes e as estadas, valados e barreiras.
- Repoñer ou reparar o pavimento das beirarrúas, calzada ou praza, arborado ou zona verde, conducións ou redes de servizo, e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados polas obras executadas, se non os tivera xa repostos ou reparados.

Subsidiariamente, destas obrigas responderá o propietario do solo no que se executara a obra, se non coincide co comunicante da mesma.

TÍTULO III. COMUNICACIÓNS PREVIAS E LICENZAS DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

CAPÍTULO I.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADES.

SECCIÓN 1ª: ACTIVIDADES SUXEITAS E RÉXIME XURÍDICO.

ARTIGO 45º.- ACTIVIDADES SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

1.- Estarán sometidas ó procedemento de comunicación previa a instalación, implantación, apertura ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial que se leve a cabo no termo municipal, a excepción das actividades recreativas e espectáculos públicos ós que se refire o Capítulo II do Título III desta Ordenanza.

2.- Tamén se someten ó réxime de comunicación previa, os cambios de titularidade de calquera actividade ou establecemento, xa estea autorizado por licenza ou sometido ó réxime de comunicación previa, debendo comunicalo por escrito ó Concello quen vaia a exercer a nova titularidade.

ARTIGO 46º.- EFECTOS DA PRESENTACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA.

1.- A comunicación previa presentada, cumprindo con todos os requisitos, constitúe título habilitante para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento que se comunica, polo que, unha vez inscrita no Rexistro Municipal, a comunicación previa con toda a documentación completa, o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que lle corresponden ó Concello.

2.- A presentación dunha comunicación previa non terá efectos nos seguintes casos:

- a) Cando a comunicación previa se presente sen os documentos que a deben acompañar para cada caso, ou sen a cesión de solo á que se refire o artigo 18.1 da presente Ordenanza.
- b) Cando a actividade pretendida que se comunica está suxeita a licenza municipal.
- c) Cando, para o inicio da actividade, foran preceptivos informes ou autorizacións previos doutros organismos públicos que non se xuntan no momento de presentar a comunicación.
- d) Cando a actividade pretendida sexa contraria á normativa de aplicación.
- e) Cando a actividade pretendida leve parella a necesidade de obra previa, e esta non fora comunicada, ou careza de licenza, se fora necesaria.

3.- O incumprimento das condicións da comunicación previa ou dos requisitos sinalados na lexislación de aplicación, o nesta Ordenanza, determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade. A resolución que declare estas circunstancias, ordenará a inmediata suspensión da actividade exercida, e incoará o pertinente expediente para a reposición da legalidade infrinxida.

4.- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que acompañe á comunicación previa comportará, logo de audiencia ó comunicante, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, e a imposibilidade de exercer o dereito ou a actividade afectada desde o momento no que se coñece, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís ás que houbera lugar.

ARTIGO 47º.- RESPONSABILIDADES.

1.- Os técnicos asinantes da documentación técnica ou das certificacións ou declaracións que acompañan a unha comunicación previa de actividade serán responsables da veracidade do seu contido, co alcance recollido no artigo 30.1 e 30.2 da presente Ordenanza.

2.- En xeral, o titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigado a exercer a actividade nas condicións contidas na documentación presentada.

SECCIÓN 2ª: PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

ARTIGO 48º.- REGULACIÓN DO PROCEDEMENTO.

Os actos de control e intervención da Administración Municipal nas actividades suxeitas a comunicación previa axustaranse ó seguinte procedemento:

- a) A comunicación previa deberá efectuarse no modelo normalizado que se publica na sede electrónica municipal, ou a través das plataformas habilitadas ó efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.
- b) A estas solicitudes acompañarase a documentación que corresponda en cada caso, e que se relaciona igualmente na sede electrónica municipal.
- c) A comunicación previa formularase a instancia de calquera persoa interesada en iniciar unha actividade, ou a través dun representante autorizado, e poderá presentarse no Rexistro Municipal, ou en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou telematicamente a través da sede electrónica municipal, ou a través das plataformas habilitadas ó efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.
- d) A presentación do impreso normalizado, acompañado de todos os documentos esixidos, no Rexistro Municipal, determinará a iniciación do procedemento, rexéndose a mesma, así como a ordenación, instrución e terminación deste, polas disposicións do Título VI da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou norma que a substitúa.

ARTIGO 49º.- TRAMITACIÓN DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDAD.

Unha vez rexistrada unha comunicación previa de actividade, o Concello realizará o análise da mesma, e da documentación que se presenta con ela, seguíndose as seguintes regras na súa tramitación:

1. Cando a actividade comunicada veña acompañada de toda a documentación esixida para cada caso, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos desde a data da súa presentación, constituíndose en título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento, co alcance previsto no artigo 42.1 desta Ordenanza.
Neste caso, unirase á comunicación previa unha dilixencia da dependencia administrativa instrutora pola que se declarará completa a documentación presentada, o que permitirá que os técnicos municipais comproben o seu contido, o cumprimento na mesma dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación, e podan cursar visita de inspección ó establecemento, para comprobar si se axusta á documentación presentada, e á normativa aplicable.
2. No caso de que non se presente a documentación esixida, o Concello requiriralle ó comunicante para que proceda, no prazo de 10 días, a corrixir as deficiencias detectadas, con indicación de que se así non o fixese, terase por desistido da súa comunicación, arquivándose o expediente sen máis trámite, con arranxo ó previsto na

lexislación reguladora do procedemento administrativo común, e debendo proceder o peche da actividade se xa se iniciara.

Igualmente actuarase se a documentación presentada fora a esixida, pero nela se detectaran imprecisións ou deficiencias de escasa entidade.

3. Se unha vez declarada completa a documentación presentada, e trasladada esta ós técnicos municipais para a comprobación do seu contido, se detectara que a mesma non se axusta á normativa de aplicación ou ó planeamento urbanístico en vigor, dítase resolución notificando esta circunstancia, e dispoñendo a suspensión inmediata da actividade, e a incoación de expediente de reposición da legalidade coa audiencia pertinente ó comunicante.

O Concello deberá ditar a orde de execución que proceda para garantir a plena adecuación das actuacións reflectidas na comunicación á ordenación e normativa urbanísticas dentro dos quince (15) días hábiles seguintes á adopción de calquera medida provisional. A orde que se dite terá os efectos propios da licenza municipal.

ARTIGO 50º.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL.

As actividades que se pretendan levar a cabo que precisen de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas, ou de declaración de incidencia ambiental, necesitarán da súa achega coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos nos que non se presente a preceptiva autorización, ou informe sectorial, ou declaración de incidencia ambiental, coa comunicación previa, esta non producirá efecto algún, non podéndose iniciar ou exercer a actividade pretendida.

ARTIGO 51º.- SUPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES.

Se para o desenvolvemento dunha actividade sometida a comunicación previa, é precisa a realización dunha obra, a documentación que se esixe que se acompañe á comunicación previa de actividade, presentarse coa comunicación previa da obra, ou coa solicitude de licenza de obra, de ser o caso.

Unha vez concluída a obra presentarse a comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, acompañada do certificado final de obra, asinado pola dirección facultativa.

ARTIGO 52º.- PRAZOS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE.

1.- A actividade que se comunica deberá iniciarse no prazo máximo de seis (6) meses, contado a partir do día seguinte ó da presentación no Rexistro Municipal da comunicación previa con toda a documentación esixida, ou da comunicación previa para o inicio da actividade, si se realizaron obras.

2.- O referido prazo poderá prorrogarse a través dunha nova comunicación na que así se indique, sempre que se presente antes da conclusión daquel, que sexa por un prazo non superior ó indicado no apartado anterior, e que a actividade sexa conforme coa ordenación urbanística e a normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

ARTIGO 53°.- EXTINCIÓN E CADUCIDADE DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADE.

1.- O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas extinguirase polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas de actividade.

2.- O título habilitante que comporta a presentación dunha comunicación previa de actividade con toda a documentación requirida poderá declararse caducado nos seguintes casos:

- a) Cando non se inicie a actividade nos seis (6) meses seguintes á data de entrada no Rexistro Municipal da comunicación previa debidamente formulada.
- b) Cando non se realice a actividade por un tempo ininterrompido superior a un (1) ano.

3.- En todo caso, a declaración de caducidade dunha comunicación previa realizarase a través da instrución do pertinente expediente, con audiencia ó comunicante.

4.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non podéndose iniciar nin proseguir a actividade ata que se presente unha nova comunicación previa axustada á normativa e á ordenación urbanística en vigor.

ARTIGO 54°.- DOCUMENTACION NO LUGAR DA ACTIVIDADE.

Será requisito necesario en todos os establecementos ou actividades dispoñer en lugar visible de copia autorizada da comunicación previa co selo de entrada no Rexistro Municipal.

ARTIGO 55°.- MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE.

Calquera modificación nas condicións ou características da actividade ou do establecemento deberase comunicar previamente ó Concello, cos mesmos requisitos que na comunicación inicial.

CAPÍTULO II.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

SECCIÓN 1ª. ACTIVIDADES SUXEITAS E RÉXIME XURÍDICO.

ARTIGO 56°.- ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

Se ben a apertura de establecementos públicos para actividades recreativas ou para espectáculos públicos, ou a organización destes últimos están sometidas ó réxime de comunicación previa previsto na Lei e na presente Ordenanza, as seguintes actividades, en atención á concorrencia de razóns de interese xeral, precisarán para o seu exercicio da obtención previa de licenza municipal:

1. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
2. A instalación de terrazas ó aire libre ou na vía pública, anexas a un establecemento.
3. A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.

4. A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas, que se desenvolvan conxuntamente no termo municipal e nun ou varios concellos lindeiros.
5. A celebración de espectáculos e festexos taurinos.
6. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas, cando a súa normativa específica esixa a concesión de autorización.

ARTIGO 57º.- FINALIDADE DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE.

1.- A licenza de actividade ten por finalidade comprobar que as actividades relacionadas no artigo anterior se axustan ó ordenamento urbanístico, e que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade e accesibilidade.

2.- Non se poderá iniciar actividade algunha sometida ó réxime de licenza sen que previamente se obtivera a mesma.

ARTIGO 58º.- ALCANCE DO CONTROL MUNICIPAL.

A intervención municipal a través da licenza de actividade non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural e condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos e materiais empregados, sendo responsabilidade exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa instaladora.

SECCIÓN 2ª: PROCEDEMENTO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE ACTIVIDADE.

ARTIGO 59º.- SOLICITUDE DE LICENZA.

1.- Con anterioridade á apertura dun establecemento público ou ó inicio dun espectáculo público ou actividade recreativa relacionados no artigo 52 da presente Ordenanza, quen vaia a exercer a súa titularidade ou encargarse da súa organización deberá presentar no Concello unha solicitude de licenza, mediante o modelo oficial publicado na sede electrónica municipal, ou a través das plataformas habilitadas ó efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.

A estas solicitudes acompañarase a documentación que corresponda en cada caso, e que se relaciona igualmente na sede electrónica municipal.

2.- A presentación da solicitude e a documentación requirida deberá efectuarse a través do Rexistro Municipal, ou de calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, telematicamente a través da sede electrónica municipal, ou a través das plataformas habilitadas ó efecto pola Administración Autonómica ou a Administración Xeral do Estado.

Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel, o proxecto técnico que se aporte, no caso de ser necesario, terase que presentar tamén e, en todo caso, nun soporte dixital formato PDF. Se o proxecto foi visado electronicamente por un colexio profesional que permita o acceso á súa plataforma, será suficiente coa presentación do código de proxecto e a autorización do solicitante para o acceso desde o Concello.

ARTIGO 60°.- TRAMITACIÓN.

1.- As solicitudes de licenzas de actividade tramitaranse de acordo coa lexislación reguladora do procedemento administrativo común, coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial, e coas contidas na presente Ordenanza Municipal.

2.- A solicitude de licenza só comezará a producir efectos desde o momento no que o correspondente escrito coa documentación completa esixida en cada caso, tivera entrada no Rexistro Municipal.

ARTIGO 61°.- SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E MELLORA DA SOLICITUDE.

Se os servizos municipais detectaran omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude de licenza, ou no resto da documentación presentada, estarase ó establecido no artigo 14 da presente Ordenanza.

ARTIGO 62°.- MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA LICENZA.

Se antes de que se concedera a licenza se pretenderan modificacións no proxecto técnico ou documentación presentada, e estas modificacións alterasen determinacións da actividade pretendida que afectasen á seguridade, salubridade ou accesibilidade, o interesado deberá, previo desistimento da licenza solicitada, solicitar unha nova licenza, que se tramitará con arranxo á normativa vixente na data da nova solicitude.

ARTIGO 63°.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS E DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL.

1.- As actividades que precisen, ademais da licenza municipal, de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas, ou de declaración de incidencia ambiental, conforme á normativa sectorial de aplicación, necesitarán da súa previa achega para a concesión, se procede, da correspondente licenza de actividade.

2.- No caso de que non se presente a preceptiva autorización, ou informe sectorial, ou declaración de incidencia ambiental, estarase ó previsto no artigo 16.2 da presente Ordenanza.

ARTIGO 64°.- INFORMES.

Á vista da documentación presentada e da conformidade coa normativa de aplicación, os Servizos Técnicos e Urbanísticos Municipais emitirán informe urbanístico sobre o uso e as obras proxectadas, e informe correspondente ás instalacións e sobre o cumprimento da normativa sectorial de aplicación. Concluídas as actuacións, emitirase o preceptivo informe xurídico con proposta de resolución.

ARTIGO 65°.- RESOLUCIÓN.

1.- Completo o expediente, e formulada a proposta de resolución, este elevarase o órgano competente para a resolución que poña fin ó procedemento.

A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión da licenza condicionada ó cumprimento de determinados requisitos, ou denegación da licenza.

Toda resolución que denegue unha licenza deberá estar debidamente motivada, con explícita referencia ás normas ou ás determinacións do planeamento urbanístico que se incumpran.

2.- A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder de tres (3) meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no Rexistro Municipal ata a resolución final, a excepción das solicitudes de licenzas para instalación de terrazas en terreos de uso público, que teñen un prazo de resolución de dous (2) meses.

Os requirimentos de documentación, emenda de deficiencias ou imprecisións, e de informes ou autorizacións sectoriais suspenderán o prazo establecido para a resolución do solicitado, que volverá a computarse tras a súa achega.

3.- O transcurso do prazo de tres (3) meses establecido para a concesión da licenza de actividade determinará a súa adquisición por silencio administrativo, se consta aportada a documentación completa esixida e a pretensión axústase á normativa de aplicación no tempo da solicitude, a excepción das solicitudes para a instalación de terrazas en terreos de uso público, onde o silencio administrativo será negativo.

ARTIGO 66º.- SUPOSTOS DE SIMULTANEIDADE DE OBRAS E ACTIVIDADES.

1.- Se para o desenvolvemento dunha actividade sometida a licenza é precisa a realización dunha obra igualmente sometida ó réxime de licenza, solicitaranse simultaneamente, e concederanse nun único acto administrativo, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procede denegar a primeira, se lle notificará así ó solicitante, e non será necesario resolver sobre a segunda.

2.- Se a actividade pretendida atópase sometida ó réxime de licenza, e fora precisa para a súa posta en marcha a realización de obras que se encontran sometidas ó réxime de comunicación previa, esta última presentarase simultaneamente coa solicitude da licenza de actividade, pero non adquirirá eficacia en tanto non se obteña a preceptiva licenza que habilite a implantación da actividade.

En ningún caso, a execución de obras en réxime de comunicación previa vinculadas ó desenvolvemento dunha actividade sen terse obtida licenza para a mesma, xerará responsabilidade da administración municipal.

3.- Unha vez concluídas as obras, xa estean sometidas ó réxime de licenza ou ó de comunicación previa, presentarase no Concello comunicación previa para o inicio da actividade, acompañada de certificado final de obra, nos casos previstos pola lexislación.

ARTIGO 67º.- PRAZOS PARA O INICIO DA ACTIVIDADE E VIXENCIA DAS LICENZAS.

1.- A actividade á que se lle concede licenza deberá iniciarse no prazo máximo de seis (6) meses, contado a partir da data da notificación da resolución de concesión da

licenza, ou contado a partir da data de presentación no Rexistro Municipal da comunicación previa para o inicio da actividade, se foran realizadas obras.

2.- As licenzas dos establecementos abertos ó público concédense por tempo indefinido, salvo que unha disposición ou a propia licenza establezan expresamente o contrario, e sen prexuízo dos efectos dos controis e das revisións periódicas ás que sexan sometidos tales establecementos.

3.- As licenzas para a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas terán a mesma vixencia que a dos espectáculos ou actividades autorizados.

4.- As licenzas para a instalación de terrazas en terreos de uso público outorgaranse por anos naturais prorrogables por iguais períodos de tempo, se ben se poderán solicitar tamén para períodos mínimos dun (1) mes.

ARTIGO 68º.- EXTINCIÓN DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE.

As licenzas de actividade extinguíranse polos seguintes motivos:

- a) Por caducidade.
- b) Por revogación.
- c) Por declaración de renuncia do titular, comunicada por escrito ó Concello.
- d) Por ter finalizado o espectáculo público ou a actividade recreativa para o que se concedeu a licenza.
- e) Por cumprimento do prazo ó que está sometido o espectáculo público ou a actividade recreativa, se así se establecera na licenza.
- f) Por resolución xudicial ou administrativa, a través dos procedementos de revisión de oficio regulados na lexislación administrativa.

ARTIGO 69º.- CADUCIDADE E REVOCACIÓN DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE.

1.- Poderá declararse a caducidade das licenzas de actividade nos seguintes supostos:

- a) Cando non se inicie a actividade nos seis (6) meses seguintes, contados a partir da data de notificación da licenza, ou a partir da data de presentación no Rexistro Municipal da comunicación previa para o inicio da actividade, de terse realizado obras.
- b) Cando non se realice a actividade por un tempo ininterrompido superior a un (1) ano.

O prazo para o inicio da actividade poderá prorrogarse a través dunha comunicación previa na que así se indique, sempre que se presente antes da conclusión daquel, que sexa por un prazo non superior a seis (6) meses, e que a actividade sexa conforme coa ordenación urbanística e a normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

2.- A declaración de caducidade dunha licenza de actividade realizarase a través da instrución do pertinente expediente con audiencia ó solicitante.

3.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza de actividade, non podendo iniciarse nin proseguirse a actividade ata que se solicite, e obteña unha nova licenza axustada á normativa e á ordenación urbanística vixentes.

4.- As licenzas de actividade poderanse revocar nos seguintes supostos:

- a) Por incumprimento das condicións ou requisitos en virtude dos cales foron outorgadas.

- b) Por terse modificado substancialmente, ou ter desaparecido as circunstancias que determinaron o seu outorgamento, ou sobrevir outras novas que, no caso de existir, terían comportado a súa denegación.
- c) Por sanción, de conformidade co disposto na Lei 9/2013, do emprendemento da competitividade económica de Galicia, ou norma que a substitúa.
- d) Por falta de adaptacións ós novos requirimentos establecidos polas normas, dentro dos prazos previstos con esta finalidade.

5.- A revogación será declarada despois da tramitación do pertinente expediente, con audiencia ó solicitante.

6.- Tanto a declaración de caducidade como a revogación da licenza de actividade non xerarán dereito a indemnización.

ARTIGO 70º.- DOCUMENTACIÓN NO LUGAR DA ACTIVIDADE.

Será requisito necesario en todos os establecementos ou lugares nos que se exerza unha actividade sometida a licenza, dispoñer en lugar visible dunha copia autorizada da licenza de actividade concedida.

ARTIGO 71º.- MODIFICACIÓNS NA ACTIVIDADE.

Calquera modificación nas condicións ou características da actividade ou do establecemento sometido a licenza municipal requirirá da previa solicitude e obtención de licenza.

TÍTULO IV. CONTROL POSTERIOR SOBRE OBRAS E ACTIVIDADES.

ARTIGO 72º.- OBXECTO.

1.- A Administración Municipal está obrigada a exercer, de forma permanente e continuada, as funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección sobre as obras e actividades que se realicen no termo municipal, xa estean suxeitas ó réxime de comunicación previa, ou ó réxime de licenza, para verificar a efectiva adecuación das mesmas á normativa que lle resulte de aplicación, sen prexuízo dos procedementos de reposición da legalidade e sancionador que, no seu caso, podan iniciarse.

2.- O persoal municipal adscrito ás funcións de control, inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terá a consideración de axente da autoridade, e gozará do estatuto regulado na lexislación urbanística.

3.- A Administración municipal poderá en calquera momento, de oficio, a petición razoada doutras administracións, ou por denuncia, efectuar visitas de control e inspección das obras, establecementos e actividades reguladas nesta Ordenanza, desde que se presenten as comunicacións previas ou se outorguen as pertinentes licenzas.

ARTIGO 73º.- PROCEDEMENTO DE CONTROL E INSPECCIÓN.

Os Servizos Técnicos e Urbanísticos Municipais exercerán as funcións de inspección e comprobación urbanísticas, sen prexuízo doutro tipo de inspeccións exercidas por outras administracións, en función das súas propias competencias.

Nos supostos de actuacións sometidas a comunicación previa, a inspección municipal efectuarase no prazo máximo de tres (3) meses, contados dende o día seguinte á

presentación da comunicación, acompañada de toda a documentación esixible. De vencer o prazo sen realizarse a citada inspección, entenderase que o silencio é positivo.

1.- Nas comunicacións previas de obras ou de actividades, a actuación de control iniciarase coa comprobación do contido da documentación aportada.

2.- Á marxe do control documental indicado no apartado anterior, a Administración Municipal procederá, a través dos funcionarios habilitados ó efecto, á inspección das obras, establecementos e actividades suxeitos á presente Ordenanza, ó obxecto de verificar a súa adecuación ás comunicacións previas presentadas e/ou ás licenzas outorgadas, e á normativa que lles sexa de aplicación, levantando acta de comprobación.

3.- A acta de comprobación é aquel documento que se expide coa fin de recoller o resultado das actuacións de inspección e de verificación do cumprimento dos requisitos esixidos, e se estenderá por duplicado, sendo firmadas polo persoal inspector e, no seu caso, pola persoa ante a que se expida, á que se lle entregará un exemplar da mesma. Cando esta persoa se negase a asinala, farase constar dita circunstancia.

4.- As actas de comprobación ostentan o carácter de documento público, gozan de presunción de veracidade e constitúen proba dos feitos reflectidos nelas, sen prexuízo das probas que, en defensa dos seus dereitos, podan presentar as persoas interesadas.

5.- Se levantada a acta de comprobación, se detectara que a obra ou actividade se está exercendo ou foi executada sen axustarse ás determinacións sinaladas na licenza ou na comunicación previa, emitirase informe con proposta de resolución, dispoñendo a suspensión inmediata de ditos actos, se estes se estiveran executando, e a incoación de expediente de reposición da legalidade, sen prexuízo do sancionador.

6.- Non obstante o establecido no apartado anterior, se a acta de comprobación é dunha actividade con comunicación previa presentada ou con licenza de actividade outorgada, e nela se reflicten incumprimentos das determinacións da documentación técnica comunicada ou á que se lle concedeu licenza, que son emendables sen requirir elaboración dunha nova documentación técnica, emitirase informe con proposta de resolución, concedendo un prazo de 15 días para a corrección das deficiencias detectadas.

Transcorrido dito prazo sen que se emenden tales deficiencias, e logo de que se faga constar nunha nova acta de comprobación, adoptaranse as medidas previstas no apartado anterior deste artigo.

7.- O feito de que se levante acta de comprobación non obsta para que o Concello, en exercicio das facultades de control e inspección que ten atribuídas, realice con posterioridade as visitas de comprobación que estime oportunas.

ARTIGO 74º.- CONTIDO DA ACTA DE COMPROBACIÓN.

Toda acta de comprobación terá o seguinte contido mínimo:

- a) Identificación da obra e/ou do establecemento e actividade.
- b) Identificación da persoa promotora da obra ou da actividade e, no seu caso, da persoa con quen se entenden as actuacións e o carácter co que intervén, xa sexa construtor, propietario, arrendatario ou técnico.
- c) Funcionario que realiza a actuación de control e data da súa realización.
- d) Descrición das actuacións practicadas.
- e) Cumprimento ou descrición do incumprimento/s da documentación técnica presentada coa comunicación previa ou á que lle concedeu a licenza, e das determinacións ou condicións esixidas, no seu caso, na licenza ou nas autorizacións ou informes sectoriais, se os houbera.

- f) Descrición das modificacións que, no seu caso, se observen nas obras, instalacións, establecementos e actividades, respecto da documentación técnica presentada coa comunicación previa, ou na que se baseou a licenza outorgada.
- g) Incidencias producidas durante a actuación de control.

ARTIGO 75º.- ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN A INSTANCIA DE PARTE.

1.- Sen prexuízo das facultades de control que ten encomendadas o Concello, os interesados poden solicitar a realización dunha inspección do establecemento ou actividade para a comprobación da súa adecuación á normativa que lle sexa de aplicación, e á comunicación previa presentada ou licenza de actividade outorgada.

2.- Presentada a solicitude prevista no parágrafo anterior, no prazo máximo de dous (2) meses desde a mesma, o Concello remitirá a quen o solicitase copia da acta de comprobación. Se na mesma se detectasen incumprimentos ou deficiencias, estarase ó previsto no artigo 69.5 e 69.6 da presente Ordenanza.

TÍTULO V. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.

ARTIGO 76º.- INFRACIÓNS E SANCIÓNS.

A todos os actos de uso do solo e do subsolo e ás actividades sometidas tanto ó réxime de comunicación previa como ó de licenza aplicaráselles as medidas de reposición da legalidade, e o réxime sancionador previstos na lexislación urbanística, na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e nas ordenanzas municipais correspondentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- MODELOS NORMALIZADOS.

Na sede electrónica municipal publícanse os correspondentes modelos normalizados, tanto de licenzas como de comunicacións previas, e tanto urbanísticas como de actividade.

Estes modelos non teñen carácter regulamentario, polo que o seu contido poderá ser ampliado, reducido ou modificado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.-NORMAS DERROGADAS.

Cando na presente Ordenanza se realicen alusións a normas específicas, entenderase extensiva a referencia ás normas que por promulgación posterior substitúan ás mencionadas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. ANEXOS.

Os anexos que se incorporan nesta Ordenanza non teñen carácter regulamentario, polo que o seu contido poderá ser ampliado ou modificado mediante resolución municipal, se ben a súa obrigatoriedade supédítase á súa publicación do Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

Os promotores de actos de uso do solo e do subsolo e de actividades que teñan iniciado procedementos para a execución ou exercicio das mesmas con anterioridade á entrada

en vigor desta Ordenanza, poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación, segundo a normativa que lles resultase de aplicación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.

1.- Queda derogada a Ordenanza Municipal reguladora do procedemento de control do exercicio de actividades e servizos suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable (Boletín Oficial da Provincia nº 118, de data 22 de xuño de 2011).

2.- Quedan derogadas cantas disposicións municipais, de igual ou inferior rango, se opoñan ó que se establece nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, que será realizada unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da redacción actual da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

ANEXOS

ANEXO I. ACTOS SUXEITOS A LICENZA URBANÍSTICA.

Estarán suxeitos a licenza urbanística, os seguintes actos:

- a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación (artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de ordenación da edificación):
 - a. Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público, e se desenvolvan nun só andar.
 - b. Todas as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total, ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, o conxunto do sistema estrutural, e teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.
 - c. Considéranse comprendidas na edificación, as súas instalacións fixas e o equipamento propio, así como os elementos de urbanización que permanezan adscritos ó edificio.
- b) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- c) As demolicións.
- d) Os muros de contención de terras.
- e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- f) Os parcelamentos, segregacións ou outros actos de divisións de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelamento urbanístico.
- g) A primeira ocupación dos edificios.
- h) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.

- i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva nos terreos incorporados a procesos de transformación urbanística, entendendo como tal, aqueles terreos incluídos nos ámbitos de solo urbanizable, de solo urbano non consolidado ou de solo de núcleo rural sometidos a actuacións de carácter integral e, en todo caso, cando a devandita corta derive da lexislación de protección do dominio público.
- j) Calquera outro acto que se sinale a través dunha disposición legal.

DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA.

Para solicitar licenza urbanística municipal, deberase presentar a seguinte documentación:

- a) Impreso normalizado de solicitude de licenza urbanística.
- b) Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente, e xustificante de pagamento da mesma.
- c) Datos identificativos do solicitante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento acreditativo de identidade). Os que comparezan ou asinen en representación doutra persoa, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente dita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante, e documentación acreditativa da representación, así como escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- d) Escritura pública de propiedade do predio no que están previstas as actuacións. No caso de cesións a viario, cumprírase o establecido no artigo 18 da presente Ordenanza.
- e) Referencia catastral do predio ou edificación existente, no que están previstas as actuacións.
- f) Reportaxe fotográfica do predio ou edificación no que están previstas as actuacións, na que se aprecien todos os seus lindeiros. Nos casos de nova edificación entre medianeiras ou apegada, acompañaranse tamén fotografías das fachadas dos edificios lindeiros.
- g) Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento (excepto no caso de solicitudes de licenza para parcelamento, segregación ou división de predios).
- h) Autorizacións sectoriais previas, de acordo coa normativa de aplicación en cada caso.
- i) Proxecto redactado por técnico competente, en formato dixital PDF, tanto para tramitación presencial como telemática, e en formato papel (unha copia) no caso de tramitación presencial. Se as actuacións previstas localízanse na contorna de protección dalgún elemento catalogado, deberase presentar unha copia adicional. No caso de presentar proxecto básico sen visado colexial, achegarase certificado colexial (ou declaración responsable) do técnico redactor, no que figuren os seus datos persoais e profesionais, de forma que permita a súa identificación, e na que se acredite que é competente para levar a cabo as actuacións previstas, e non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

No caso de que as actuacións obxecto de licenza teñan por obxecto o inicio dunha actividade, no momento da solicitude de licenza urbanística deberase achegar a seguinte documentación (a maiores da indicada anteriormente):

- a) Memoria de actividade e instalacións, ou proxecto técnico, dependendo da entidade das mesmas, redactado por técnico competente (segundo o caso, pode quedar incluído no proxecto indicado no punto i) anterior).
- b) Declaración responsable de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- c) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- d) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

En función do tipo ou envergadura das actuacións previstas, ou das edificacións existentes ás que podan afectar (por exemplo, as incluídas no Catálogo do planeamento municipal), poderase modificar a documentación que se solicite, ou o contido do proxecto correspondente, para un mellor coñecemento do detalle das citadas actuacións.

CONTIDO DOS PROXECTOS PARA OBRA NOVA OU INTERVENCIÓN EN EDIFICACIÓN EXISTENTES

Para a solicitude de licenza será suficiente a presentación dun proxecto básico coa documentación técnica que se relaciona no punto 1 e, nos casos de actuacións para o inicio dunha actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, acompañarase a documentación indicada no punto 2. No caso de solicitar a licenza co proxecto básico, para poder iniciar as obras, unha vez obtida a licenza urbanística, deberase presentar o proxecto de execución correspondente, xunto coa documentación sinalada no punto 3.

1. PROXECTO BÁSICO

O proxecto deberá estar asinado por un técnico competente, en cumprimento da Lei 38/1999, de ordenación da edificación (ou norma que a substitúa). O proxecto, unha vez incorporado ó expediente administrativo, ten carácter de documento público, respondendo o seu autor da súa veracidade e exactitude para todos os efectos.

A estrutura e contido do proxecto axustarase ás determinacións do artigo 6, sobre condicións do proxecto, do capítulo 2 da Parte I do Código Técnico da Edificación (en diante, CTE). Sen prexuízo do cumprimento do Anexo I da Parte I do CTE, o proxecto deberá conter a seguinte documentación:

- a. Memoria descritiva das actuacións previstas.
- b. Memoria urbanística como documento específico e independente, na que se indique a finalidade e o uso da actuación prevista, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación, incluíndo un cadro comparativo dos parámetros urbanísticos regulados pola ordenanza de aplicación, e os parámetros urbanísticos da actuacións obxecto do proxecto. Así mesmo, a memoria urbanística desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento dos artigos da LOUPMRG* que sexan de aplicación.
- c. Xustificación do cumprimento da normativa de accesibilidade autonómica e estatal.

- d. Estudio de xestión de residuos de construción e demolición, nas condicións establecidas no artigo 4.2 do RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- e. Xustificación do cumprimento da normativa de habitabilidade autonómica.
- f. Xustificación do cumprimento da normativa sectorial e específica que sexa de aplicación en cada caso.
- g. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial municipal, no que se sinala a localización do predio e/ou edificación obxecto das actuacións.
- h. Plano topográfico a escala mínima 1:500, acoutando as distancias das actuacións previstas ó eixe da vía pública, á aliñación oficial e ós demais lindeiros, o ancho da vía de acceso, e a superficie de cesión a viario. Así mesmo, grafaranse as liñas de afección ou servidume das diferentes organismos sectoriais, e a distancia das actuacións previstas a ditas afeccións.
- i. Seccións do predio coas actuacións previstas, á mesma escala que o anterior, con indicación do estado natural do terreo, e do estado definitivo previsto polas actuacións.
- j. Planos descritivos das actuacións previstos, os que sexan necesarios e á escala axeitada para unha correcta comprensión do alcance das actuacións previstas
- k. Orzamento de execución material, desglosado por capítulos.

Nos casos de urbanización e edificación simultáneas: planos e memoria con indicación da urbanización, dos terreos de cesión e reposición de servizos. No caso de que sexa necesario un proxecto de obras complementarias de urbanización, presentárase para a súa tramitación simultánea.

Se as actuacións para as que se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmontes ou rebaixe de terras, presentáranse planos dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características do movemento de terras, así como os de detalles precisos que indiquen as precaucións que se deberán adoptar en relación coa propia actuación, coa vía pública, ou con predios ou construcións lindeiras que podan verse afectadas polo movemento de terras.

2. MEMORIA DE ACTIVIDADE

- a) Memoria descritiva, redactada por técnico competente, da actividade e das instalacións necesarias para os seu desenvolvemento, e na que deberán figurar as características técnicas dos seus distinto elementos, con indicación da potencia da maquinaria empregada (expresada en CV para as máquinas con motor, e en kw para o resto), así como as medidas correctoras a aplicar, de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.
- b) Memoria urbanística: incluírá a xustificación das condicións esixidas polos diversos títulos da normativa do planeamento municipal.
- c) Xustificación do cumprimento dos documentos do Código Técnico da Edificación que sexan de aplicación en cada caso.
- d) Estudo xustificativo do cumprimento da normativa vixente (estatal, autonómica e municipal) de ruídos, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar ruídos e/ou vibracións.
- e) Documentación técnica esixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.
- f) Plano a escala 1:1000 da cartografía oficial do planeamento municipal, no que se sinalen a situación da parcela ou edificación no que se pretende levar a cabo a actividade solicitada.
- g) Planos de planta acoutados, coa superficie de cada estancia e indicación do uso, reflectindo os elementos fixos, e mobiliario.

- h) Planos de alzados e sección do local, acoutando as alturas libres.
- i) Planos con indicación da localización das instalacións de protección contra incendios, sectorización e percorridos de evacuación.
- j) Planos con indicación da situación das instalacións descritas na memoria.

En función de que sexa necesaria a execución de obras previas ó inicio da actividade, a documentación indicada anteriormente pode quedar incluída dentro do proxecto técnico necesario para a intervención municipal urbanística (ben licenza, ou ben comunicación previa).

3. PROXECTO DE EXECUCIÓN

A estrutura e contido do proxecto axustarase ás determinacións do artigo 6, sobre condicións do proxecto, do capítulo 2 da Parte I do Código Técnico da Edificación (en diante, CTE). Sen prexuízo do cumprimento do Anexo I da Parte I do CTE, o proxecto deberá conter a seguinte documentación (engadida á indicada no punto anterior):

- l. Oficio de dirección de obra, e de dirección de execución.
- m. Oficio de coordinación de seguridade e saúde.
- n. Certificación de eficiencia enerxética de proxecto, e xustificante do seu rexistro no INEGA.
- o. No caso de edificios con división horizontal, proxecto de infraestruturas comúns de telecomunicacións, redactado por técnico competente.

CONTIDO DOS PROXECTOS DE PARCELAMENTO, DIVISIÓN OU SEGREGACIÓN DE FINCAS

O proxecto deberá estar asinado por un técnico competente, e reunir os requisitos formais esixibles, en conformidade coa lexislación en vigor. O proxecto, unha vez incorporado ó expediente administrativo, ten carácter de documento público, respondendo o seu autor da súa veracidade e exactitude para todos os efectos. O contido mínimo do proxecto será o seguinte:

- a) Memoria na que se describa o predio/s para parcelar, dividir ou segregar, coa súa referencia catastral. Xustificaranse as actuacións previstas, e describiranse as parcelas resultantes con expresión da súa localización, superficies e lindeiros; ademais, incluírá a descrición das edificacións existentes na parcela, coas superficies construídas e o cálculo da edificabilidade consumida.
- b) Memoria urbanística na que se xustifique o axuste das actuacións previstas no planeamento e na normativa urbanística vixentes (incluíndo a Lei 7/2012, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa), así como a condición de edificabilidade dos predios resultantes.
- c) Plano de situación sobre a cartografía oficial do planeamento municipal, a escala non inferior a 1:2000.
- d) Plano topográfico da parcela orixinal, a escala adecuada (mínimo 1:500), con indicación dos seus lindeiros e das construcións existentes.
- e) Plano de deslinde acoutado da parcela orixinal a escala adecuada (mínimo 1:500), no que se reflecta a aliñación oficial establecida polo planeamento municipal. Deberase delimitar a parcela (ou parcelas) fóra da aliñación e que será(n) obxecto de cesión (no momento de que efectúa a solicitude de licenza para edificar na mesma), con indicación da súa superficie.
- f) Plano acoutado de parcelamento á mesma escala, indicando a superficie e lindeiros das fincas resultantes, así como as construcións existentes.

- g) Ficha individualizada de cada parcela resultante, co seguinte contido:
 - a. Situación da finca, indicando se está ou non edificada.
 - b. Plano a escala non menor a 1:500, con expresión dos seus lindeiros acoutados, e determinación xeométrica necesaria para a súa correcta e inequívoca identificación e trazado.
 - c. Clase e categoría do solo no que se atopa, de acordo co planeamento urbanístico municipal.
 - d. Aproveitamento do solo e do subsolo, altura, volume e localización da edificación existente (de ser o caso), e parámetros urbanísticos consumidos.

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Para solicitar licenza de primeira ocupación, deberase presentar a seguinte documentación:

- a) Impreso normalizado de solicitude de licenza de primeira ocupación (ou urbanística, no seu defecto).
- b) Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente, e xustificante de pagamento da mesma.
- c) Datos identificativos do solicitante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento acreditativo de identidade). Os que comparezan ou asinen en representación doutra persoa, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente dita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante, e documentación acreditativa da representación, así como escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- d) Certificado final de obra orixinal, e no seu caso, a urbanización simultánea, expedido pola dirección facultativa da obra (dirección de obra, e dirección de execución), e visado polo colexio profesional correspondente, nos termos indicados no artigo 27 da presente Ordenanza.
- e) No caso de variacións de detalle na obra executada, deberase presentar memoria e planos da situación final de obra, nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións introducidas, e xustificación do cumprimento da normativa de aplicación, se fose o caso.
- f) Copia da solicitude de alta no Catastro, ós efectos do imposto de bens inmobles de natureza urbana.
- g) Certificación e etiqueta enerxética do edificio rematado, e xustificación do seu rexistro no INEGA.
- h) De ser o caso, medición sonométrica acreditativa do illamento acústico conseguido no edificio. As medicións serán realizadas por unha empresa que estea homologada pola Xunta de Galicia para estes fins, e asinadas por técnico competente.
- i) No caso de división horizontal, deberase presentar boletín de instalación das infraestruturas comúns de telecomunicacións.
- j) Excepto en vivendas unifamiliares, certificado de homologación que acredite a resistencia ó lume das portas RF.

ANEXO II. ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA.

Están suxeitos ó réxime de intervención municipal de comunicación previa todos os actos de ocupación, construción, edificación e, en xeral, de uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, polo tanto, non relacionados no artigo 9 da presente Ordenanza, ademais, e en todo caso, dos que así se establezan nas leis. Tamén se someten ó réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquera acto de uso do solo ou subsolo xa estea autorizado por licenza urbanística ou por comunicación previa, debendo comunicalo por escrito ó Concello quen vaia a exercer a nova titularidade.

Co obxecto de determinar a documentación que se debe presentar en cada caso, deberase diferenciar entre OBRAS MAIORES que non precisan de licenza urbanística, e polo tanto, tramitaranse mediante comunicación previa, e OBRAS MENORES, que son obxecto de comunicación previa en todos os casos. A definición das obras menores queda establecida no artigo 195.6 da LOUPMRG (ou norma que a substitúa ou modifique). En consecuencia, serán consideradas como obras menores, as seguintes:

- Mantemento de partes non edificables de parcelas.
 - Limpeza e roza interior de parcelas, sen movementos de terras nin tala de arboredo.
 - Reparación de peches de parcelas sen afeccións estruturais.
 - Peches diáfanos de parcelas.
- Mantemento das fachadas e cubertas dos edificios:
 - Limpeza e pintado de fachadas.
 - Cambio de carpinterías exteriores, persianas, varandas ou similares.
 - Modificación do revestimento de locais ou vivendas.
 - Reparación ou substitución de material de cubertas ou terrazas.
 - Reparación e substitución de elementos auxiliares da cuberta (caneiros, baixantes e varandas).
- Mantemento e actualización das instalacións dos edificios:
 - Substitución de instalacións privativas dunha vivenda ou local (auga, gas, electricidade, saneamento ou similar).
 - Novas instalacións non encaixadas en elementos estruturais (vigas, alicerces, paredes mestras, etc...).
 - Mantemento de instalacións comúns do edificio (ascensor, caldeiras, etc...).
- Mantemento dos acabados interiores dos edificios:
 - En paredes, solos e falsos teitos.
 - Reformas en cocinas ou baños que non modifiquen as divisións interiores.
- Colocación de cubretendais en patios interiores.

DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A COMUNICACIÓN PREVIA URBANÍSTICA.

Para efectuar unha comunicación previa urbanística, deberase presentar a seguinte documentación:

1. OBRAS MENORES

- a) Impreso normalizado de comunicación previa urbanística.
- b) Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente, e xustificante de pagamento da mesma.
- c) Datos identificativos do comunicante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento acreditativo de identidade). Os que comparezan ou asinen en representación doutra persoa, acompañarán ademais un

documento que acredite debidamente dita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

- b. Persoas xurídicas: DNI do representante, e documentación acreditativa da representación, así como escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- d) Memoria valorada das actuacións previstas, que inclúa: descrición suficiente das características do acto de que se trate, e orzamento de execución material das mesmas, detallado por partidas, e indicando as medicións correspondentes.
- e) Plano de situación da parcela ou edificación sobre a cartografía do planeamento municipal.
- f) Reportaxe fotográfica do estado actual da parcela, edificación ou local afectado polas actuacións que se comunican.
- g) Copia das restantes autorizacións e, de ser o caso, concesións administrativas cando sexan legalmente esixibles ó comunicante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento.
- h) Documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso ó que vaian destinadas as obras.
- i) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles.

2. OBRAS MAIORES QUE NON PRECISAN DE LICENZA

Ademais de toda a documentación indicada no punto anterior, deberase presentar:

- j) Proxecto técnico, firmado por técnico competente. O seu contido queda indicado no Anexo I da presente Ordenanza.
- k) Declaración do técnico que firme o proxecto, de que o mesmo cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.

ANEXO III. ACTOS SUXEITOS A LICENZA DE ACTIVIDADE.

Estarán suxeitos a licenza de actividade, os seguintes actos:

1. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
2. A instalación de terrazas ó aire libre ou na vía pública, anexas a un establecemento.
3. A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
4. A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas, que se desenvolvan conxuntamente no termo municipal e nun ou varios concellos lindeiros.
5. A celebración de espectáculos e festexos taurinos.
6. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas, cando a súa normativa específica esixa a concesión de autorización.

DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A SOLICITUDE DE LICENZA DE ACTIVIDADE.

Para solicitar licenza de actividade municipal, deberase presentar a seguinte documentación:

- a) Impreso normalizado de solicitude de licenza de actividade.
- b) Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente, e xustificante de pagamento da mesma.
- c) Datos identificativos do solicitante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento acreditativo de identidade). Os que comparezan ou asinen en representación doutra persoa, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente dita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante, e documentación acreditativa da representación, así como escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- d) Copia do documento que xustifique a posesión do local (escritura de propiedade ou contrato de arrendamento).
- e) Referencia catastral da parcela ou edificación na que está prevista o desenvolvemento da actividade.
- f) Reportaxe fotográfica da parcela ou edificación (fachadas e interior no caso dun local existente).
- g) Certificación expedida por un técnico competente, acreditativa de que a parcela ou local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función deste, e con especial referencia ó cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios, precisas para o uso pretendido, e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais necesarios para o inicio da actividade.
- h) Autorizacións sectoriais previas preceptivas.
- i) Memoria técnica de actividade, redactada por técnico competente, e co contido mínimo indicado no punto 2 de parágrafo sobre *Contido dos proxectos para obra nova ou intervención en edificacións existentes*, do Anexo I.

ANEXO IV. ACTOS SUXEITOS A COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

Para efectuar a comunicación previa do inicio dunha actividade, deberase presentar a seguinte documentación:

1. SE FORON NECESARIAS OBRAS PREVIAS (CON LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA).
 - a) Impreso normalizado de comunicación previa de actividade.
 - b) Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente, e xustificante de pagamento da mesma.
 - c) Datos identificativos do comunicante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento acreditativo de identidade). Os que comparezan ou asinen en representación doutra persoa, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente dita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante, e documentación acreditativa da representación, así como escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade,

debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

- d) Copia do documento que xustifique a posesión do local (escritura de propiedade ou contrato de arrendamento).
- e) Certificado final de obra, das obras e/ou instalacións, asinado pola súa dirección facultativa.

2. SE NON SE REALIZARON OBRAS PREVIAS.

- a) Impreso normalizado de comunicación previa de actividade.
- b) Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente, e xustificante de pagamento da mesma.
- c) Datos identificativos do comunicante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento acreditativo de identidade). Os que comparezan ou asinen en representación doutra persoa, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente dita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
 - b. Persoas xurídicas: DNI do representante, e documentación acreditativa da representación, así como escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- d) Memoria de actividade, nos termos indicados no Anexo I da presente Ordenanza.
- e) Copia do documento que xustifique a posesión do local (escritura de propiedade ou contrato de arrendamento).
- f) Reportaxe fotográfica da parcela ou edificación (fachadas e interior no caso dun local existente).
- g) Certificación expedida por un técnico competente, acreditativa de que a parcela ou local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función deste, e con especial referencia ó cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios, precisas para o uso pretendido, e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais necesarios para o inicio da actividade.
- h) Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da actividade.
- i) No caso de que a actividade estea suxeita ó procedemento de avaliación ambiental, achegarse:
 - a. Documentación xustificativa de ter superada a tramitación de avaliación ambiental.
 - b. Copia do proxecto de obra ou actividade, asinado por técnico competente.
 - c. Certificado do técnico que firme o proxecto, de que cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Para efectuar a comunicación previa de cambio de titular dunha actividade, deberase presentar a seguinte documentación:

- a) Impreso normalizado de comunicación previa de cambio de titular dunha actividade.
- b) Copia do documento de autoliquidación da taxa correspondente, e xustificante de pagamento da mesma.
- c) Datos identificativos do comunicante:
 - a. Persoas físicas: DNI (ou documento acreditativo de identidade). Os que comparezan ou asinen en representación doutra persoa, acompañarán ademais un

documento que acredite debidamente dita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).

- b. Persoas xurídicas: DNI do representante, e documentación acreditativa da representación, así como escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- d) Copia do documento que xustifique a posesión do local (contrato de arrendamento, escritura de propiedade, etc...).
- e) Copia do acto administrativo que ampara o desenvolvemento da actividade (licenza ou comunicación previa).
- f) Copia do documento de alta nas obrigas tributarias co epígrafe fiscal e obxecto (local afecto) que acredite a actividade a desenvolver e o enderezo do establecemento.
- g) En caso de sociedades, escritura de constitución da mesma. De ser unha sociedade civil ou unha comunidade de bens, deberase aportar unha relación dos seus membros con copia dos seus datos identificativos.

3.- Expoñer esta Ordenanza ao público durante 30 días, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

7. Información decreto de declaración de loito oficial e da imposibilidade de cobertura do posto de Tesourería

Dáse conta:

1. DECRETO

“Tendo coñecemento da triste noticia do falecemento neste día, do recoñecido escritor galego don Xosé Neira Vilas, fillo adoptivo de Boqueixón, que sempre amosou o seu compromiso intelectual, social e cultural co municipio, o concello de Boqueixón quere mostrar o seu mais profundo e sentido pesar por tan importante perda.

*Por tal motivo, esta alcaldía, **resolve:***

Primeiro – declarar loito oficial dende as 00:00 horas do sábado día 27 de novembro 2015 ata as 24:00 horas do domingo 29 de novembro de 2015, durante os cales as bandeiras do concello ondearán a media asta.

Segundo – Suspender todos os actos oficiais programados polo concello durante estes dous días de loito.

Terceiro – Agradecer a magnífica e relevante achega ao eido da cultura por parte do finado don Xosé Neira Vilas.

Cuarto – Dar conta ao pleno da corporación, na primeira sesión que celebre co fin de realizar o máximo recoñecemento institucional de tan senlleira personalidade.”

2. INFORME: Imposibilidade de cobertura do posto de Tesourería por funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional

"ANTECEDENTES:

O concello de Boqueixón ten 4.400 habitantes polo que só conta cunha funcionaria de habilitación nacional, categoría secretaría – intervención.

Tal como establece a Lei de Bases de Réxime Local, corresponden a secretaría as funcións da fe pública e o asesoramento legal preceptivo e á intervención as funcións de control e fiscalización interna de xestión económica-financeira e presupostaria.

O Real Decreto-lei 10/2015 de 11 de setembro modifica o apartado 2/ do artigo 92 bis da Lei 7/1985 de bases de réxime local, no sentido de atribuír á Secretaría-Intervención, ademais dos que xa ten, as de tesourería, recadación e contabilidade. Esta modificación lexislativa realizouse a proposta do Ministro de Hacienda y Administraciones Públicas, sendo aprobada polo Real Decreto-Lei 10/2015 de 11 de setembro, e sen consulta nin información previa ao colexio nacional de habilitación nacional.

Unha vez publicado o citado Real Decreto-Lei, dende o colexio nacional de habilitados nacionais, solicítase informe ao Ministerio e o Ministro dita en outubro de 2015 os criterios a seguir en tanto non exista un desenvolvemento regulamentario que regule o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación nacional e sinala que o desemprego da función de tesourería en concellos de menos de 5.000 habitantes poderá levarse a cabo dalgunha das seguintes formas:

- 1. Mediante agrupación de tesouraría, que sexa establecida pola C.A.*
- 2. Mediante un posto de colaboración reservado a funcionarios con habilitación nacional.*
- 3. Mediante outro funcionario da administración local con habilitación nacional pertencente a outro municipio, a través dunha acumulacións de funcións co seu posto habitual.*
- 4. Mediante a Deputación provincial.*
- 5. De forma transitoria, no caso de que non sexa posible aplicar os anteriormente indicados, e en tanto se articule algún deles, a mesma persoa (a secretaria-interventora) poderá desempeñar as funcións de secretaría, intervención e tesourería.*

*Non obstante, **transitoriamente ata o 31 de decembro de 2016** e en cumprimento da previsión contida na Disposición transitoria sétima da Lei 27/2013 de 37 de decembro, cando non sexa posible desempeñar o posto por un habilitado de carácter nacional mediante os sistemas de provisión reservados aos mesmos, **poderase efectuar un nomeamento accidental dun funcionario de carreira da deputación** e cando quede acreditado que isto non é posible, por funcionario de carreira que preste servizos na corporación local para o que é necesario:*

- 1. Que o presidente da corporación, como xefe superior de persoal, acredite a imposibilidade da cobertura do posto por funcionario de habilitación nacional.*
- 2. Que se poña en coñecemento do pleno, a imposibilidade de cobertura do posto por habilitación nacional, mediante o correspondente informe.*
- 3. Reclamar a asistencia da Deputación mediante comunicación dirixido ao titular do órgano competente da asistencia e cooperación aos municipios, que debe coordinar todo o proceso designando un funcionario de carreira da mesma.*

4. *En caso de resposta desfavorable por parte da Deputación, si se poderá propoñer un funcionario da entidade local.*
5. *Por último, poderase así mesmo, acudir a un nomeamento accidental.*

INFORME:

En primeiro lugar, débese ter en conta que actualmente cos medios económicos dos que dispón o concello e sobre todo co límite de gasto que debe cumprir e tendo en conta múltiples necesidades básicas que se xeran en servizos sociais ás que prioritariamente debe e desexa facer fronte o concello de Boqueixón, non é posible economicamente crear un posto de traballo de tesourería a ocupar por outro funcionario con habilitación nacional.

Por outro lado, son moitas as funcións que se desenvolven a través do departamento de Secretaría-Intervención, tal como se pode comprobar nos artigos 2 que regula as funcións da Fe Pública, artigo 3 que regula as funcións de Asesoramento Legal Preceptivo e o artigo 4 que regula as funcións de Control e Fiscalización Interna da xestión económico- financeira e presupostaria, do Real Decreto 1174/1987 de 18 de setembro polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Nos últimos anos, e cada vez máis, estas funcións incrementáronse tanto en conflitividade como en volume, debido precisamente a inmensidade legislativa que actualmente se produce, tanto autonómica como estatal.

Así mesmo, débese ter en contas que nun concello pequeno, como Boqueixón, o persoal é escaso e tampouco existe persoal concretamente especializado en cada materia, polo que en xeral o peso do control de toda a actividade que se desenvolve no concello recae sobre o departamento de Secretaría-Intervención. Por isto, non procede que a secretaria-interventora asuma, ademais, as funcións de tesouraría, recadación e contabilidade como pretende a Dirección Xeral da Función Pública.

Polo que, se comunica e solicita á Deputación a cooperación necesaria para a coordinación de todo o proceso para designar a un funcionario/a, e no caso de obter resposta desfavorable propoñer o nomeamento dun funcionario/a do concello para o desempeño do posto de tesoureiro ata o 31 de decembro de 2016.

8.Aprobación modificación presupostaria número 3 (do presuposto 2015)

Dáse conta da Comisión de Contas que tivo lugar o 24 de novembro do 2015 na cal cos votos a favor do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, informouse favorablemente a modificación presupostaria número 3 do presuposto xeral municipal 2015, tal como máis adiante se indica.

A continuación o señor Canabal di que ao igual que o que temos manifestado na comisión de contas de novembro, deixamos claro que entendemos a modificación orzamentaria proposta, xustificada sobre todo:

- Nos incrementos dos gastos de Atención Social polas novas horas de dependencia concedidas pola Xunta de Galicia. Neste aspecto, e cos datos obrantes neste grupo municipal, a proposta queda xustificada.
- No canto ao consumo enerxético do abastecemento, está xustificado, aínda que non compartamos o senso de tal modificación como explicarei agora.

Ben, como dicimos, aínda que entendemos as causas que forzan esta modificación orzamentaria, non imos darlle o noso apoio por dúas cuestións básicas que tentaremos explicar:

En primeiro lugar, no referido ao abastecemento de auga, este concelleiro vén demandando dende o 2012 unha solución a toda a problemática do abastecemento (remítome como sempre, ás distintas actas plenarias, onde os concelleiros poden repasar as intervencións e mocións que levo presentando).

Non podemos admitir que durante os últimos 9 anos (dende a modificación do contrato do ano 2006), este concello veña soportando os custos enerxéticos dun contrato de abastecemento que non debera, e máis dende o ano 2012, cando son os propios servizos de asistencia a municipios o que ten advertido da ilegalidade do contrato.

Por isto imos votar en contra desta modificación, porque consideramos que se vostedes foran un goberno responsable, este problema non chegaría a este ano. E negámonos, como fixemos sempre, a ter que asumir uns custos que non nos corresponden, aínda que agardaremos tamén á resolución do contencioso administrativo que nos ten interposto a empresa (curioso que quen tentou presuntamente “esquilmar” ao concello cun contrato leonino, se teña convertido en vítima).

E en segundo lugar, facemos referencia ao conxunto das tres modificacións realizadas no presente exercicio. E non valoramos neste caso, simplemente recorreremos ao informe da intervención que finaliza do seguinte xeito:

“Conclúese, dos cálculos anteriores, que a esta data e con esta modificación orzamentaria non se cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, polo que se deberán adoptar as medidas necesarias para o seu cumprimento. No caso contrario, ao final do exercicio terá que aprobarse un plan económico – financeiro.”

E saben os concelleiros o que isto significa. Un plan consistente nun recorte de gastos e nun incremento dos impostos e taxas. E por aquí non pasamos.

O señor Fernández Munín di que tal como xa manifestaron na Comisión de Contas, á vista do informe de Secretaría-Intervención, están totalmente de acordo con esta modificación do presuposto.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

Primeiro: transferir ás seguintes partidas presupostarias deficitarias os seguintes importes das partidas que a continuación se detallan:

Á partida	Transferencia	Total partida	Da partida	Crédito existente	Crédito restante
231.227,99	39.255,81	282.255,81	912.226,01	7.000,00	3.392,00
(Atención social)			912.233,00	46.000,00	39.360,00
			231.480,00	15.000,00	0,00

			011.310.00	8.400,00	5.213,95
			011.913.00	302.358,31	291.536,55
				378.758,31	339.502,50
163.213.00 (Limpieza viaria)	5.000,00	6.000,00	414.212,00	3.000,00	0,00
			414.213,00	2.000,00	1.000,00
			414.221,99	1.000,00	0,00
				6.000,00	1.000,00
161.221.00 (Energía eléctrica/abastecimento)	42.513,96	48.513,96	334.120.04	8.378,58	0,00
			334.120.06	1.251,30	0,00
			334.121.00	5.527,06	0,00
			334.121.01	4.857,02	2.500,00
			162.1.143.0 0	15.459,22	6.459,22
			920.213.00	20.000,00	14.000,00
			920.220.00	12.000,00	7.000,00
			920.233.00	27.753,01	22.753,01
				95.226,19	52.712,23
441.2.441.10 (Transporte metropolitano)	300,00	11.300,00	920.233,00	22.753,01	22.453,01
				22.753,01	22.453,01
TOTAIS	87.069,77	348.069,77	-----	502.737,51	415.667,74

Segundo: Con estas modificaciones e as realizadas anteriormente o presuposto de ingresos e gastos quedará tal e como se detalla:

Estado ingresos					Estado gastos				
Cap.	P.Inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo	Cap.	P.Inicial	Incremento	Diminución	P.definitivo
1	757.600,00	--	--	757.600,00	1	1.197.756,33	22.467,94 (1)	26.513,96	1.193.710,31

2	12.000,00	--	--	12.00,00	2	1.099.070,54	86.769,77	31.548,00	1.154.292,31
3	319.200,00	--	--	319.200,00	3	12.400,00	--	3.186,05	9.213,95
4	1.345.154,00	--	--	1.345.154,00	4	33.500,00	300,00	15.000,00	18.800,00
5	1.500,00	--	--	1.500,00	5	--	--	--	--
6	--	--	--	--	6	383.737,01	122.331,54 (2)	--	506.068,55
7	335.392,04	--	--	335.392,04	7	--	--	--	--
8	3.000,00	--	--	3.000,00	8	3.000,00	--	--	3.000,00--
9	--	(PAI) 194.701,36	--	194.701,36	9	44.382,16	185.606,33 (1) 72.369,82 (2) 257.976,15	10.821,76	291.536,55
Total	2.773.846,04	194.701,36	---	2.968.547,40	Total	2.773.846,04	489.845,40	87.069,77	3.176.621,67

Terceiro: Publicar esta modificación no BOP durante 15 días hábiles e consideralo definitivo no caso de non presentarse reclamacións

9.Aprobación presuposto municipal 2016

Dáse conta do presuposto Xeral Municipal 2016, que ascende tanto en gastos como en ingresos a 3.128.195,78 € e que foi informado favorablemente pola Comisión de Contas que tivo lugar o 24 de novembro de 2015, cos votos a favor do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón.

Segue dicindo o señor alcalde que este presuposto supón un incremento do 12% con respecto ao do 2015 e que este incremento é consecuencia, en parte, da prestación directa do servizo de abastecemento que terá lugar a partires do 2016.

Son unhas contas sostibles, reais e con restrición no gasto e que garanten a estabilidade presupostaria.

Boqueixón, segue dicindo o señor alcalde, é un dos poucos concellos que non acode ao plan de provedores e que xeralmente paga as facturas nun prazo máximo de 16 ou 17 días.

O señor Canabal di que discrepa pois os orzamentos son irrealis e sempre o mesmo:

- Redúcese a débeda porque nos obrigan
- As transferencias correntes son mínimas, basta comprobar que a partida de subvencións á asociacións dótase con 5000 € e á AMPA só 1.500 €, etc.
- Os investimentos incrementáronse pero porque se subvencionan e encima son arranxos de camiños.
- As obras do AGADER con 121.000 €, pero, ¿qué se va executar?.

Responde o señor alcalde que é o antigo PEIM, polo que se realizarán obras de infraestruturas municipais.

- En canto á estabilidade presupostaria hai pouca manobra.

En canto aos ingresos:

- O IBI, incrementouse dende o 2014 nun 30 %.
- As subvencións diminúen cada vez máis.

- As externalizacións resultan caras.
- Cada vez hai menos marxe de actuación.

En definitiva, segue dicindo o Sr. Canabal:

- A política do persoal é caótica
- A política de investimentos é deslabazada.
- A política dos servizos públicos é externalizar.
- A presión fiscal é incrementada.

Segue dicindo o señor Canabal o seguinte: “Vou tentar facer unha síntese do que temos analizado na Comisión de Contas e que como todos os anos, quedaron, ata o día de hoxe, sen contestar. Facemos unha síntese en aras á rapidez, toda vez que os concelleiros puideron ver esta exposición na acta da comisión de contas que está incluído no expediente deste pleno.

En canto á exposición que ten feito agora o alcalde, dicir que discrepo de todos os seus puntos, posto que estes orzamentos, ao noso ver son irrealistas, non son sustentables, non son para nada novos... Son máis do mesmo e adoecen das mesmas eivas que os últimos orzamentos.

Comezo sinteticamente pola análise descritiva dos orzamentos de 2016.

ANÁLISE DESCRIPTIVA.

GASTOS.

- Destaca no capítulo 1 “Gastos de Persoal” un incremento na contía dun 6,15%. Isto é debido, fundamentalmente á subrogación do persoal afecto ao servizo de auga e ao incremento da dedicación exclusiva (2 no canto de 1 do pasado ano).
- Os gastos en bens correntes e servizos incrementan con respecto ao 2015, un 8,62%.
- Destaca unha redución dos gasto financeiros (-27,42%) motivado pola amortización acelerada e imposta polo Estado, do préstamo con Abanca.
- As transferencias correntes (capítulo 4), sendo excesivamente baixas, aínda reducen a contía nun 8,96% respecto ao 2015. Estas están compostas:
 - Axudas de Emerxencia Social: Baixan un 46,67%.
 - Axudas á ANPA: Permanecen invariables en 1.500 €/anuais.
 - Cota do GDR (AGADER): 1.000 €.
 - Transporte Metropolitano: Incrementan un 4,55% respecto a 2015.
 - Subvencións asociacións: Permanecen invariables respecto a 2015 nos 5.000 €.
 - Transferencias a grupos políticos: É a novidade deste ano, partida dotada con 3.500 €.
- En canto ao capítulo 6, Investimentos, destacamos que estes soben un 55,06% pasando de 383.737,01 € do 2015 aos 595.015,35 € previstos no 2016. Desagregados son:
 - Arranxos camiños: 290.952,50 € (238.357 € en 2015).
 - Aforro enerxético: 75.000 €, mais non sabemos en donde nin como.
 - Infraestruturas de desenvolvemento rural (AGADER): 121.000 € pero tamén descoñecemos onde e como.
 - Melloras nas Escolas Unitarias (Financiado co plan PAS da deputación) por importe de 108.062,85 €.
- Por último, en canto ao capítulo 9, os pasivos financeiros, temos unha redución respecto ao 2015 dun 42,83%, froito da redución obrigatoria do préstamo con

Abanca. Deste xeito o total do préstamo a 1 de xaneiro de 2016 será de pouco máis de 320.000 € dos 1M solicitados no 2007. Maistarde falaremos disto.

Poden ver por exemplo que a Concelleira de Cultura, Educación e Deportes ten que estar moi preto da depresión tendo en conta a escasa marxe de manobra.

INGRESOS

En canto aos ingresos non vou facer a análise dos orzamentos partida por partida. Simplemente dicir que tal e como teño analizado na Comisión de Contas, estas son incoherentes se temos en conta o último exercicio liquidado (2014) e tendo en conta as novidades deste último ano. As previsións son á baixa en algunhas partidas, e á alza noutras sen haber ningunha causa xustificativa destas diferenzas.

Remítoos pois á intervención da Comisión de Contas, para que poidan ver a análise descritiva que alí faciamos.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Si me interesa incidir nas cifras dos orzamentos.

Facendo unha análise dos datos de estabilidade orzamentaria, podemos concluír a pouca capacidade de manobra da que conta o concello.

Por iso, un concello fortemente amarrado polos seus gastos correntes (irracional política de persoal nos últimos anos, externalización de servizos públicos e gastos financeiros elevados), xunto cunha redución das transferencias correntes e de capital doutras administracións públicas, obrigan aos incrementos na presión fiscal do último mandato que se mantén no presente (mantéñense tamén as subas), e unha escasa marxe de manobra do Concello para implementar calquera política pública.

E esta valoración dos orzamentos non é unha ocorrencia. É unha análise descritiva dos datos do orzamento. Fíxense:

- Visto os datos de previsións e comparándoos cos orzamentos anteriores, vemos como se reduce ano a ano a capacidade de financiamento

CONCEPTO	2014	2015	2016
CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	55.556,00	44.382,16	25.375,00
	€	€	€
VARIACIÓN ANUAL		-20,11%	-42,83%
VARIACIÓN 2014 – 2016			-54,33%

- A capacidade de financiamento baixa un 42,83% respecto ao exercicio pasado e un 55% respecto ao 2014. (Baixa a capacidade do concello ano a ano).
- O Concello só financia cos seus recursos propios o 6% do Investimento. O 94% restante finánciao a Xunta e a Deputación.
- O Aforro Neto (aquele que queda de financiar os gastos correntes e a anualidade teórica de amortización, tamén se reduce ano a ano. Dos 113.302,44 € liquidados en 2014 a 31.000 € previstos para 2016 (-72,64%).

POLÍTICA DE PERSOAL.

É este un tema controvertido ao noso ver no concello.

Vendo a RPT do presente ano, vemos que se incrementa en dous traballadores respecto á de 2015; isto é a segunda dedicación exclusiva e o operario do servizo de

abastecemento. Deste xeito a RPT está formada por 48 fronte ás 46 de 2015, coas seguintes variacións:

- Amortízase unha praza de administrativo.
- Subrógase, como xa se dixo, ao operario do servizo de abastecemento.
- Inclúese na RPT a praza de socorrista, que se ben non estaba na RPT de 2015, si existía.
- Incrementábase o persoal de goberno.
- Mantéñense respecto ao 2015 5 operarios de servizos xunto ao capataz e dous oficiais. Todo este persoal non está no Concello todo o ano, aínda que si sería necesario.

Sobre este asunto volveremos nas conclusións.

CONCLUSIÓN:

Para iniciar este apartado de conclusións, destacamos en resumo do anteriormente dito, catro ideas xerais:

- Primeira: Os orzamentos seguen equilibrándose, polo incremento da presión fiscal nos últimos anos. Incremento nos impostos directos (IBI e IVTM fundamentalmente), incremento das Taxas e outros prezos públicos que levan acumulando incrementos dende o 2011 que chegan a case o 50%.
- Segunda: Paralelamente ao incremento da presión fiscal, as transferencias doutras administracións caen, acumulándose descensos moi pronunciados nos últimos anos. Non hai máis que ver as liquidacións dos anos 2009 e 2010 para ver que estas caen a menos da metade
- Terceira: Seguen a manterse as extremadamente caras externalizacións de servizos públicos, se ben parece que se inicia un punto de inflexión coa remunicipalización do servizo de abastecemento. Esperemos que isto sexa o inicio doutras municipalizacións de servizos.
- Cuarto: Cada vez este concello conta con menos marxe de manobra para a elaboración dos seus orzamentos, polas políticas de gastos xeradas nos últimos anos e que se manteñen no presente. Deste xeito o aforro neto baixa ano tras ano, deixando unha marxe de manobra moi baixa (Os investimentos están financiados nun 6% con recursos propios e nun 94% con fondos doutras administracións).

Son as catro ideas fundamentais para oporse a estes orzamentos.

Tiramos como conclusións e xustificación do noso voto negativo a estes orzamentos, parellamente o mesmo que vimos dicindo nos últimos anos:

- Unha política de persoal claramente caótica, e que compromete a elaboración de todos os orzamentos.
- Unha política de investimentos escasa e deslavazada, dependente exclusivamente das esmolos doutras administracións.
- Unha política de externalización de servizos públicos xeneralizada que nos leva a uns servizos públicos caros que teñen que pagar os veciños.
- Incremento salvaxe da presión fiscal sen ter en conta a capacidade económica das familias. Nos últimos tres anos a presión fiscal dos veciños de Boqueixón viuse fortemente incrementada sen que os servizos que se prestan incrementaran a súa calidade. Os aumentos responden pois ás deficientes políticas de externalización de servizos que se levaron a cabo así como polos recortes doutras administracións públicas. É dicir, a redución das transferencias doutras

administracións nos últimos anos deixa aos concellos sen marxe e dependentes para poder abrir as súas portas, de incrementar a presión fiscal aos nosos veciños.

- Un aforro neto (que é unha medida da marxe de manobra do concello) que se reduce ano a ano ata deixarnos unha situación no que os recursos deste concello non dean para pagar os seus propios custos de estrutura.

E esta escasa marxe de manobra, tradúcese no seguinte:

- Inexistencia de servizos “completos” de conciliación: Madrugadores, biblioteca, oíotecas...
- Escasa marxe para a dotación de servizos complementarios de envellecemento e dependencia: Centro de día, actividades para maiores...
- Inexistencia da política de fomento asociativo (non control asociativo).
- Inexistencia de políticas de fomento empresarial, apoio aos sectores produtivos estratéxicos, etc.
- Ineficiente política turística se descontamos a festa da filloa. (Pode parecer que exista vontade por parte do goberno, mais non se dota economicamente esta política turística; a política turística non pode consistir tan só no facebook do alcalde).
- Inexistencia de coordinación cos concellos da Comarca para a posta en valor e realización de múltiples actividades.

Botaba man o ano pasado de Celso Emilio, agardando que fora o último ano da longa noite de Pedra que ten representado o goberno do PP en Boqueixón.

Dicía o Celso Emilio:

...Pensa nas albas

*que han de vir, ponlle cerco ás lembranzas
que te atan.*

Deixa entrar a mañá clara

Mais non vemos estes raios do amencer no concello. Aínda con vostedes gobernando, agardamos que antes do final do mandato teña entrado esa mañá clara na longa noite de pedra que se teñen convertido neste concello.

A continuación o Sr. Fernández Munín di que os presupostos que se presentan a aprobación do pleno por un importe de 3.128.195,78 euros, supoñen un incremento do 12,77% con respecto ós de 2015, é un presuposto equilibrado, que como non pode ser de outro modo cumpre coa regra de gasto, tal e como se aprobou no pleno municipal do 9 de setembro de 2015, por importe de 1.978.893,00 euros.

Son uns orzamentos que dedican á área de gasto 1 (garantir a prestación dos servizos básicos) 1.304.296,08 euros, á área de gasto 2 (actuacións de protección e promoción social) 709.311,92 euros, á área de gasto 3 (producción de bens públicos de carácter preferente como a sanidade, a cultura, a educación e o deporte) 293.957,54 euros, á área de gasto 4 (promoción económica) 152.500 euros, á área de gasto 9 (actuacións de carácter xeral e económico no que se inclúe a administración municipal) 633.755,24 euros, e á área de gasto 0 (débeda pública municipal) 34.375 euros.

Por capítulos de gasto temos o seguinte:

Capítulo I- 1.271.455,43 euros – Correspóndese coa retribución dos empregados do concello Incrementábase un 6,15% respecto do 2015, sobre todo polo incremento do 1%

nos salarios de persoal establecido na lei de presupostos xerais do estado, pola incorporación dun operario para o servizo de abastecemento de auga.

Capítulo II.- 1.193.850 euros - que se corresponde cos gastos derivados da prestación dos servizos públicos municipais, increméntase un 3,5%.

Capítulo III.- 9.000 euros – que se corresponde cos intereses do préstamo con ABANCA e coas comisións e outros gastos financeiros. Redúcese un 2,4%.

Capítulo IV.- 30.500 euros – que se corresponde con subvencións, emerxencia social, actividades culturais e deportivas increméntase un 62%.

Capítulo VI.- 595.015,35 euros – que se corresponde coas obras e investimentos, increméntase un 18%,

Capítulo VIII.- 3.000 euros – anticipos reintegrables ó persoal. Mantense igual.

Capítulo IX.- 25.375 euros - Inclúe os gastos de amortización do préstamo municipal con ABANCA. Redúcese moito porque se amortizou anticipadamente no 2015 unha grande parte do mesmo.

No lado dos ingresos temos o seguinte: por imperativo legal os presupostos han de estar equilibrados ou polo menos non poden ser deficitarios, e por prudencia os ingresos estímense nesa liña de prudencia, pois en caso de superávit sería máis factible aplicalo a investimentos e amortización de débeda.

Termina o sr. Fernández Munín dicindo que o concello ten a súa relación de postos de traballo aprobada dende hai moito tempo, todos os postos de empregados públicos están presupostados totalmente ou ben nalgúns casos subvencionados e pregunta ao Sr. Canabal se o que el desexa é despedilos.

En canto aos investimentos, execútanse todos os que son necesarios e téñense en conta as peticións dos veciños, pero sempre tendo en conta as previsións presupostarias.

En canto á inexistencia de coordinación cos concello da comarca, non é certo. O exemplo está nunha serie de actividades que se realizaron xuntamente con Vedra e Vila de Cruces.

Polo que, o noso grupo apoia estes presupostos.

Responde o Sr. Canabal, en canto ao persoal di que el non dixo que non haxa o que hai. Dixen (di o Sr., Canabal) que estamos embargados pola política de persoal e que por isto temos pouca marxe de manobra.

En canto á inexistencia de coordinación con outros concellos, di o Sr. Canabal que cambia inexistencia por escaseza e refírese á prestación de servizos como o de alumeado público, auga, etc...

Reitera o Sr. Canabal que o IBI incrementouse nun 10 % no 2014, nun 10 % no 2015 en un 10 % para o 2016.

O concelleiro, Sr. Santasmarinas di que en realidade tratase dunha actualización dos valores catastrais.

Responde o Sr. Canabal, que si pero é un incremento.

Di o Sr. alcalde que se fixe no tipo de gravame doutros concellos, en case todos superan o de Boqueixón.

Responde o Sr. Canabal que el prefire que se incremente o tipo de gravame porque este pódese volver a cambiar á baixa pero as bases impositibles non.

O Sr. alcalde di que para o Sr. Canabal a situación do concello segue sendo catastrófica dende hai moitos anos en nunca varía a súa postura, dende que é concelleiro.

Segue dicindo o Sr. alcalde que a situación do concello non é catastrófica e que ven prestando dende hai tempo servizos directamente como o lixo e a gardaría e que agora vaise empezar co abastecemento.

En canto ao IBI di o Sr. alcalde que todos os concellos están regularizando os valores catastrais.

Responde o Sr. Canabal que non é certo e concretamente neste ano serán oito.

En canto ás persoas maiores, di o Sr. Canabal, débese ter en conta que a residencia e privada e respecto aos nenos di que Boqueixón estase quedando sen nenos e perdendo habitantes.

O concelleiro, Sr. Bermúdez di que precisamente en Lestedo que é unha das zonas con máis poboación e máis moza, é precisamente onde nacen menos nenos.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Aprobar o presuposto xeral para o ano 2016 do que do seu estado de gastos e ingresos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Gastos de persoal	1.271.455,43 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.193.850,00 €
3	Gastos Financeiros	9.000,00 €
4	Transferencias Correntes	30.500,00 €
Total.....		2.504.805,43 €
B/ Operacións de Capital		
6	Inversións Reais	595.015,35 €
7	Transferencias de capital	

8	Activos Financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos Financeiros	25.375,00 €
Total.....		623.390,35 €
TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS		3.128.195,78 €

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Impostos directos	765.000,00 €
2	Impostos indirectos	15.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros	425.473,43 €
4	Transferencias correntes	1.357.707,00 €
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00 €
Total.....		2.566.180,43 €
B/ Operacións de Capital		
6	Alleamento de inversións reais	
7	Transferencias de capital	559.015,35 €
8	Activos financeiros	3.000,00 €
9	Pasivos financeiros	
Total.....		562.015,35 €
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS		3.128.195,78 €

2. Aprobar as bases de execución do presuposto xeral ano 2016

3. Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe:

CADRO DE PERSOAL 2016				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C.D	Situación
HABILITACIÓN NACIONAL				
1	Secretaria-Intervención	A-1	28	Propiedade
ADMINISTRACIÓN XERAL				
1	Administrativo	C-1	22	Vacante
4	Administrativos/as	C-1	22	Propiedade
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	26	Propiedade
1	Psicólogo	A-1	26	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	26	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Ocupada interinamente
1	Técnico Auxiliar de Urbanismo	C-1	22	Propiedade
1	Capataz de obras	A.P	14	Propiedade
LABORAL FIXO				
1	Monitor Deportivo	C-2		Propiedade
1	Conserxe	A.P.		Propiedade
1	Condutor recolledor do lixo	C-2		Propiedade
3	1 Capataz de serv. e 2 oficiais serv.	C-2		Propiedade
2	Operarias de limpeza	A.P.		Propiedade
LABORAL TEMPORAL				
5	Operarios			
1	Operario abastecemento			
1	Dinamizador social			
1	Operario de limpeza			
1	Educadora Familiar			
1	Conserxe			
6	Traballadoras da Escola Infantil			
1	Secretaria xulgado de paz			
1	Psicóloga CIM			
1	Técnico Orientación laboral			
1	Auxiliar servizos sociais			
1	Axente desenvolv. local			
1	Directora CIM			
1	Socorrista			
PERSOAL DE GOBERNO				
1	Alcalde			Dedicación exclusiva
1	Tenencia-alcaldía			Dedicación exclusiva

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria

Visto e prace
O alcalde